

# POEMAS GALLEGOS

SEGUIDOS D'UN

TRATADO SOBR' O MODO DE FALAR É ESCRIBIR  
CON PROPIEDAD E Ó DIALETO,

POR

M. MARTINEZ GONZALEZ,  
POETA GALLEGO LAUREADO.

Precio, 6 réas n'a Península é 8 fora.

PONTEVEDRA:

Tipografía de José M. Madrigal,  
Calle de Michelena n.º 8.

1883.

Librería 16

Estante 3

Número 356

ACADEMIA  
SA  
RUÑA

443

teca

REAL ACADEMIA  
GALEGA

A CORUÑA

23443

Biblioteca

**POEMAS GALLEGOS.**

---

*Para' respetable amigo los eminentes  
poetas D.<sup>os</sup> Emilia Paro & Barco.*

*M. M. Matricas  
Luzbel*

*Cangas de Pastre, Junio 5 1883.*

THE UNIVERSITY OF CHICAGO

PHYSICS DEPARTMENT

PHYSICS 311

PROBLEM SET 1

1998-1999

BY [Name]

DATE [Date]

INSTRUCTOR [Name]

STUDENT ID [ID]

# POEMAS GALLEGOS

SEGUIDOS D'UN

TRATADO SOBR'O MODO DE FALAR É ESCRIBIR  
CON PROPIEDAD E D'IALEUTO,

POR

**M. MARTINEZ GONZALEZ,**

POETA GALLEGO LAUREADO, CABALLERO  
HOSPITALARIO DE MÚMERO, NOTARIO  
PRÚBICO D'O COLEGIO DE GALICIA, É AUTOR  
DO «TRATADO XURIDICO-NOTARIAL  
SOBRE FOROS.»



**PONTEVEDRA:**


Tipografía y Comercio de José M. Madrigal,  
*Calle de Michelena, 8.*

1883.

RODRIGUES GALVES

1870

*E propriedade d' o autor è cada exemprar  
levará o seu sello è rubreca.*



## PRÓLOGO.

---

Las repetidas instancias de mis amigos me deciden á publicar la presente coleccion de poesías.

Ellas representan únicamente el empleo de la decidida aficion de un castellano que tiene à Galicia por pátria adoptiva, por un lenguaje para él mas tierno y dulce que el del Petrarca y el Dante.

Por lo demás conste que no escribo por vanidad, ni por usurpar un puesto que de derecho corresponde á otros muchos poetas gallegos legitima esperanza de la literatura pátria.

Conciuyo entregándome á la benevolencia de mis lectores, seguro de que entenderán con Plinio, que no hay obra por mala que sea que no contenga algo bueno; y convendrán con Boileau, que la invencion y órden de cualquier trabajo literario no surgen solo del capricho frívolo, sinó que requieren tiempo y estudios proporcionados. Sófoeles no se hubiera inmortalizado sinó le precedieran Tespis y Esquilo.

EL AUTOR,

# INTRODUCCION.

---

Poesía dedicada á los gallegos residentes en ambas américas.

## A GALICIA.

---

Ocúltate Galicia; no te vean  
Mas que tus encantados ruiseñores,  
Las brisas perfumadas que te olean,  
Los génius que en tus bosques juguetean  
Y el cielo de tus aves y tus flores.

Eres de Iberia el disco refulgente  
El sonrosado alcázar de oro y grana  
El igneo resplandor hijo de Oriente,  
La mas apuesta flor que aspira ambiente  
De Europa en la flamigera mañana.

Dán tus auras sus perlas al rocío,  
El ópalo y la grana á tus claveles,  
Náyades á la fuente al claro río,  
Los silfos al rosal de tus vergeles,  
Y el mágico rumor al bosque umbrío.

Tu luz trasforma el iris en cien soles,  
Cuando riegan las nubes tus jardines;  
Tus pinos son gentiles para-soles,  
Y el éter besa al sol entre arreboles,  
Cuando se vá á acostar en tus confines.

Baja el día sonriendo á tus cañadas  
Y se oculta entre céspedes y flores;  
Y despiertan las brisas perfumadas  
Mientras cantan las aves tus amores  
O entona la zagala sus baladas

No tienes, no, Galicia detractores  
Ni tienes quien dispute tu belleza,  
Mas cuentas tus tributos por tus flores,  
Por eso van llorando su pobreza  
Tus hijos á otros suelos bienhechores.

Y no en vano pregunta el extranjero  
Absorto al contemplar tanta belleza,  
Si es Galicia el rincón del pueblo Ibero  
Donde tiene su cuna esa pobreza  
Que ellos van á contar al mundo entero.

No de otra suerte sé que al alba llores,  
Ni des quejas al cármén de tus ríos,  
Ni canten soledad tus ruiseñores,  
Ni conviertan en llanto tus rocíos  
Los pétalos nevados de tus flores.

Que es tu suelo ese suelo tan hermoso  
Do el eco matinal de la campana  
Repercuta en el valle delicioso,  
Mientras saluda el mirlo á la mañana  
Y el sol besa al arroyo silencioso.

Solo aquí se vé el mar de azul y plata  
Subir formando senda hasta el molino  
A recibir la hirviente catarata,  
Que ruje al ver el mar en su camino  
Y en corimbos de perlas se desata.

Tu sierra borda el cielo de festones.  
Desde el gentil peñasco de su altura  
Testigo de cien mil generaciones,  
Desciende sobre lechos de verdura  
La falda dibujada en mil mantones.

Y en el valle que arrulla ruido extraño  
Revolotea la abubilla incauta,  
Y el pastor, mientras guarda su rebaño,  
Saca célticas notas á su flauta  
Bajo el toldo frondoso de un castaño.

Aquí cantan las aves sus amores  
Mientras la mariposa, cabe el nido  
Visita los implumes trovadores;  
La abeja no halla el néctar escondido,  
Lo encuentra hasta en el tallo de tus flores.

En tus robles, castaños y pinares  
El sol vá á columpiarse lisongero;  
Tus aves le improvisan mil cantares  
Y al verlo trasponerse en el otero  
Le pian en los verdes retamares.

Entonces toraa lleno de alegría,  
El rudo campesino á su morada,  
Y reza al oír tocar á Avemaria  
Y el niño vé llegar la cabra amada  
Que sirve al suevo-rey de ama de cria.

Patria mia, el poeta que te adora  
Nació para sentir, y en vano quiere  
Dar forma al pensamiento que atesora;  
Tambien el ruiseñor callar prefiere,  
Si no te canta bien, y á veces llora.

Feliz quien al progreso caminando  
Llevada por los tuyos ir te vea  
Al par que tus tributos amenguando;  
Despues serás de España la preséa;  
Tus hijos ya no irán do quiér llorando.

Mi voz ya no se oirá, mas mis clamores  
Repetirá mi plèctro aunque sucumba;  
El tambien guardará á mis bienhechores  
Un recuerdo en el fondo de mi tumba  
Y un himno para tus libertadores.

Interin... pàtria duerme... no te vean  
Mas que tus encantados ruisseños,  
Las ingrávidas brisas que te olean,  
Los génios que en tus bosques juguetean  
Y el cielo de tus aves y tus flores.

---

**ODA**  
**A S. M. EL REY**

D. ALFONSO XII.

~~~~~

Dios vos garde, señor: xa que volvedes  
Outra ves á Galicia  
Pe-l-o ceu, meu señor, non vos marchedes  
Sin n'os facer xusticia.

Vede señor esta rexion amada  
Por todo-l-os gobiernos mal mirada,  
Sin trens, nin carreteras, nin camiños  
Non sendo un pedrugento  
Que vay sempre á parar n'o Auntamento  
Cando vamos deixar ali' os cartiños.

Vede com' os labregos  
De cote acurruádos  
Po l-os que falsifican Diputados  
As eleucións van cegos

Y ante ó medo d' andar sempre enredados  
Por catro trapalleiros  
Van votar, Señor Rey, coma carneiros  
A un home que ningún temos tratado,  
Por mais qu' alá en Madri viva empregado.

Vede eses chans incultos  
Pedindo qu' o traballo os faga cultos  
Sin podelos labrar un anque queira  
Porqu' a ninguen se dan, é están sin dono  
Indo en tal abandono  
A labrar ó que está en terra estranxeira.

Vede á grande riqueza  
D'o gando de Galicia trastornada  
Remedio d'a probeza  
Úneco pra esta terra desdichada  
D'as calunias sufrindo hoxe os riveses  
Levantadas Señor polo os ingresos.

Vede Señor com' os que mandan rexen  
O puebro que reinades,  
Y os que non saben, que de vos s'alexen  
A depender n'as Universidades.

Hay probe aquí, Señor..... fora as caretas,  
Que por territorial paga dous cartos  
E por consumo paga tres pesetas  
Cando os probes d' aquí nunca andan fartos.

¡Y ahora as papeletas

Novas de vecindad oito realíños...!  
N' hay remedio, quedamos perdidiños.

Vede ó papel sellado,  
Tan subido que tray d'as Notarias  
O probe é mai-lo rico escorrentado,  
Qu' hay algunha escritura  
Por ley cunha peseta por feitura  
Qu' o papel non baixou ó fin y ó cabo  
De nove realíños nin un chavo.

¿Y os sellos do correo? Pay ausente  
Hay entre nos, que d'o úneco filliño  
Non sabe en moito tempo craramente  
Por non contar c'un triste realíño.

Señor, Galicia enteira  
Cando de xente se tratou pra darbos,  
Foy de cote á primeira,  
Como á primeira foy sempre á pagarbos.

Probade cal queirades,  
O noso amor y ó noso patriotismo  
Qu' iremos diante á donde vos vayades  
A deixar con honor ó Españolismo.

Galicia ten de gloria  
Cuberto ó seu lugar dentro d'a hestoria,  
E si os fillos d'os héroes de Jena  
S'acurrúan á vista de Abu-Mena,  
Vive Dios, n'os gallegos n'hay desmayo

Pra lles ir á arrimar outra tolena  
Com' a que ll' arrimamos en Sampayo.

Coiday, Señor, por esto,  
D' estas leales xentes de Galicia;  
Botay-Seño-l-o resto  
Para que nos gobiernen con xusticia.

Que busquen ben os modos,  
De nos habilitar traballo á todos  
Que si'o houbera ninguen salira afora  
E España non chorára ó qu' hoxe chora.

Coiday Señor que teña  
A xusta proporecion todo tributo,  
Que non é xusto qu' un probiño veña  
Pagando, si non é sobr' ó produto,  
Nin pode haber n'as cargas igualeza  
Si non busca os produtos con limpeza.

Que fagan carreteras é camiños  
E corran d' unha ves as comotoras  
Pra nos cumunicar c' outros puebríños,  
E tornar pr' ó lugar en poucas horas.

Qu' as aleuciós xa vaquen  
Ou se metan n'un fol os pretendentes  
E po-l-a sorte en prúbico se saquen  
Dandoll' as condições n'un papeliño  
Com'a un Precurador para un preitiño,  
Y ó que nos falte á elas darll' un tombo  
Ou mantearlle c'un fungueiro ólombo.

Qu' as terras qu' hay sin dono  
Se déan á quen queira traballalas  
Con ferramentas, casa é mais abono,  
Qu' os tributos darian pra cobralas:  
Sirvindo de cobiza esta primicia  
Pra á cria de ganados en Galicia.

Facélo así, Señor. O céu premita  
Que c'ó á Real familia moitos anos  
Fagades á esta terra outra visita.

Si os seus probes paisanos  
Alivio n'a miseria concededes  
A bendicion dē Dios alcanzaredes  
Que para un Rey ser divo  
N' hay nada como ser caridativo.

---

Esta oda foy impresa n'un suplemento ó *Faro de Vigo*  
ó día 22 de Agosto de 1881, estando S. M. á bordo d'a  
*Sagunto*.

Ó MEU RESPETABR' AMIGO

Ó EXCMO. SR. D. RAIMUNDO F. VILLAVERDE.

---

A ROMERIA.

---

I

A ALBORADA.

Naz' o dia; Baixando d'os petoutos  
Soaviña á lús vaise deitar n'o orballo,  
Purpúria faixa vest' o céu n'o Ourense,  
N'os toxos despreguizans' os páxaros.  
A cotovia ascende alegremente,  
Cantando ear' o sol ensoniñado  
Os rapaces fregando ben os ollos,  
Despértanse d'as bombas c'os estralos;  
Namentras que n'a Igrexa repinica  
E fumegan as tellas d'os tellados.

Levando n'ó apromado remuiño  
Qu' entr' as neboas pra riba vay voando  
Os rezos d'a mañan n'ó Avemaría  
Que dentro fay ó rústeco cristiano.

## II.

### GALICIA.

E Galicia. A matrona cobizada  
D'os Fines é d'os Suevos que s' asenta  
Preguizeira entre montes de verdura  
C'o mar por escabel, com' unha reina.  
C'os seus vals sin rival cheios de frores  
Os seus rios que n'eles se pasean,  
Os seus soutos de robres è castaños  
Y os seus arrecendentes prados d' herba.  
O sol apenas say anda á modiño  
E vay deitarse n'as douradas veigas.  
Durmindo brando é namorado sono,  
Que non é eterno, porque xira á terra.  
As fontes tén marmullos deleitosos  
Que recollen as brisas preguizeiras  
Pra ll'e dar armunias os páxaros  
E pobrar de romor as arboredas.  
Os rios van mansiños como pombas

Dando bicos as froes d'as ourelas  
E enchendo de sospiros perfumados  
O céfro, cando véspéro desperta.  
E por dentro é por fora n'a campia  
Vése erguida entr' os mirtros unha Igrexa  
Y ó seu pé, como niños repartidos,  
As casiñas risoñas que branquean.

### III.

#### A ROMERIA.

¿Por qué ch' hay tanta alegría  
N'as casas d'a freguesía  
Dendes que fay día craro?  
Pois é por qu' hay romería  
N'a ermida d'o San Amaro.

E dixo un señor moy plático  
Que todo delor reumático  
Ninguen com' o santo cura  
Con tal qu'o carneiro obrático  
Non falte á porta d'o cura.

Xá baixa po-l-o turreiro  
Tocand' á gaita ó gaiteiro  
Y ó tamburil ó compás,

Os que despertan primeiro  
Xá s' erguen... pra vir detrás.

E ten qu' oi-l-a alborada  
O nacer d'o sol tocada  
Cand' anda á gaita á profia  
C'os merlos que n'a ramada  
Cantan amores ó dia.

Foguetes sempr' alcendendo  
Fumando, rindo é tezendo  
Y os rapaces á choutar  
Van alegres recorrendo  
Un lugar y outro lugar.

Y á patuleya animada  
Y ó gaiteiro c'o á alborada  
Tocada con moite apromo  
Chega á primeira parada  
Qu' é á porta d'o Máordomo.

A ninguen qu' entra despacha  
(Qu' a conta d'o san o racha)  
E namentras toca á misa  
A garrafa da garnacha  
Vais' escoando c'o á risa.

Dispois qu'a parba arremata  
Y á reuma algun c'o ela mata

Van todos tra-l-o gaiteiro  
Pra hermidá ó compás d'a gaita  
Que toca ó son d'o Riveiro

Alí x'os cregos están  
E repinica á campán  
Con rebatadas maneiras  
E n'a crus é n'a espadán  
Framean moitas bandeiras.

Rapazes, mozos, velliños,  
Veñen enchend' os camiños  
Pro oi-l-a misa mayor  
Qu' anque custou bós cartiños  
Há d' haber pedricador.

As moziñas casadeiras  
Veñen lindas feiticeiras  
Con traxes todos de ver;  
Os mozos gardanll' as veiras  
Parés qu' as queren comer.

Adrezos é pendentíños  
Anelos é collariños  
Cásequ' ali todas tran  
Tamen tran bós zapatiños  
Postos n'os pés... ou n'a man.

Non faltou señor Bastian  
Nin tampouco ó Ciruxan

Y ó estudante de Lameu,  
Nin ó sobriño de Xan  
Que veu de Montevidéu.

Tamen señores vos veñen  
Cura-l-a reuma que teñen  
Por culpa propia ou allea,  
E señoritas que' os reñen  
Si tropezan c'o as d' aldea.

Todos tran vida arreglada:  
Xeme á cesta acugulada  
Ó pé d'un pano repreto,  
Cheira á porco y á empanada  
O campo é un meson compreto.

Cando remata á funcion,  
Algun que nin vê ó sermon  
Xá ó compañeiro ll'o esprica,  
Dispois say á precesion  
Y á campán tola repica.

Ó santo vay adornado  
C'os que s' ofrecen ó lado,  
Cregos é xentes detrás:  
O fogo non é acabado  
N' hay quedo c'o él un rapás.

C'o á gaita diante tocando  
A precesion camiñando

Vay todo arredor d'a hermida  
Y á xente qu' está aguardando  
Nunca perde á recollida.

Enton, de toda esa xente,  
O que d'a reuma é pacente  
Vaise c'o santo á fregar  
Y á algun que vay algo quente  
A paus logo ó fan sandar.

N' este punto á romería  
Parés unha algarabia  
Xá acabada á precesion  
Vans' uns y outros á profia  
Marchando prá á provision.

D' ali toda xente say  
Buscand' os robres si os hay:  
Todos fân ó corpo bén,  
Y á seuta d'os probes vay,  
A pidir á cantos vén.

Arrematada á comida  
Alguns probán á bebida  
E por alleas custions  
Si á man ben ó qu'os convida  
Danll' á paga en moquetons.

Un labrego con desfacho  
Chama Queimacho á Camacho,

Y aunqu' o escoiten homes listos  
Dí con moito desempacho  
Que matou á sal y os mistos.

Outro que de Cadis veu  
E nunca nada entendeu  
C'o á relixion ten profia  
E bebe é fala de seu,  
Remendando á Teoloxia.

O bail' encomeza enton  
Xá chegou á diversion  
D'as mozas é dos moziños  
Alí atopan á ocasion  
Pra quedar en ir xuntiños.

Jota, fandango muiñeira  
A galleguiña maneira  
Bailan as xentes alí,  
¡Que puntíños d'a ribeira!  
¡Que brincos alá y aquí!

Cando x'o sol váy caindo  
A xente toda vais' indo  
E si ó camiño é algo estreito  
As mozas que se ván rindo  
Sobranll' arrimos pr' o peito.

Po-l-o outeiro y á campia  
Todo é troula y alegría

Y ó célteco atruxo sona  
Alá y aquí con profía  
D' unha maneira qu' atrona.

Tamen ó alalá tenriño  
Cantando po-l-o camiño  
Moziñas é mozos ván;  
Alguns inda toman viño  
Pra mirar mello-l-o chan.

Moy raros vindo á deshora  
S' atopan d'o lugar fora  
Os mais querens' ir deitar  
Tamen elas vans' á hora  
Por que lles poden bourar.

Si as que quedan ¡coitadiñas!  
Non certan ben c'o as casiñas,  
Nunca ll'es falta un bó guia  
Que mas enseñe, as probiñas  
E deprenden pr' o outro dia.

.....  
.....  
.....  
.....  
.....

Todo ó fin vaise quedando  
Os piñales marmullando

O grilo alegre rexindo  
O ruxinol namorando  
Y á Natureza durmindo.

A fronda moy contristada  
—¿Qué foy de tanta algarada?  
¿A qué veu tanta alegría?  
—O tempo rindo... N'e nada  
Dorme, foich' a romeria.

---

Esta composicion foy laureada n'os Xogos frorals de Pontevedra d'oo mes de Agosto de 1882, adxudicándosell' o premio ofrecido po-l-o Excmo. Sr. D. Raimundo F. Villaverde, á quen ll'a dedicou dispo-l-o autor.

Ó MEU CARO HIRMAN POLÍTICO

Ó ILUSTRADO GALLEGO

D. VALENTIN GRAÑA É ORXE.

---

ROMANCE CABALLERESCO.

---

RODRIGO GOMEZ

I.

Vivindo n'osigro trece  
S' os libros non falan mal  
O Conde Rodrigo Gomes,  
Mais tarde de Trastamar  
E señor de Montenegro,  
E d'o coto de Sarriá;  
Prendouse d'a formosura  
D'a xentil Doña Mayor  
Filla d' Alifonso Telles  
Manate d' honra é de pró

Qu' era tido po-l-o Rey  
En moy grand' estimacion,  
Este tal tiña acordaço  
Casala sendo mayor  
C'-o infante Don Alifonso,  
Partido qu' ela acetou  
Mellor por obedecer  
Que por pura incrinacion.

## II.

A crara desigoaleza  
N'o rango d' entrambos dous  
Non é causa pra Rodrigo  
Poñer freno ó corazon;  
Qu' os sentimentos son libres  
Por ser primicias de Dios  
E si n' hay rango pr' o odio  
Tampouco hay rango pr' o amor.  
N'o peito de Don Rodrigo  
Arde ó fogo d'a pasion  
Primeira qu' un home sinte  
Cando á yalma bota á fror  
Sensitiva que si ó outono  
Desapiedado murchou  
Vay levando po-l-o tallo

A morte hastr' o corazon,  
Non dá trégoa ó caballero,  
Non fay n'el mella ó rigor,  
Nin deixa un dia ó castelo  
D' os Telles, nin ocasion  
De ser notado d'a dama  
Tesouro d'o seu amor.  
Cabe á alta noite ó vixia  
N'o xigantesco torreón  
E testigo d'as querelas  
D'o nouturno trovador  
Que n' hay aurora qu' o tope  
Durmindó ó nacer d'o sol  
Nin lúa que n'o sosprenda  
Baixo as reixas de Mayor.

### III.

Unha pingueira tras outra  
Furándose á pedra vay  
Y as mulleres non son pedras  
Que son mais brandas qu' o pan.  
Unha noite á branca lúa  
Brilaba n'o castañal  
E Doña Mayor estaba  
O pé d'a fonte á pensar.

Cando chegou Don Rodrigo  
O aposto é xentil galan  
E dobrada unha rodilla  
En terra, di «Basta xa,  
Mayor, dame ó teu amor  
Ten piedá d'o meu penar,  
Ou por Santiago hoxe xuro,  
Que antes qu' á lúa de ó val  
Heime saber da-l-a morte  
N' este souto po-l-a man:  
¿Non sinte ó teu corazón  
Ningunha esperanza que dar?...  
—Sinte; contestou Mayor,  
Non fales, que me fas mal:  
Eu te amo tamen Rodrigo  
Mais.... ¿que dixer? ¿E meu pay?  
¿E ó casamento pendente?  
¿Quen d' el me pode salvar?  
Eu xuro qu' ó evitarey,  
Dice ó prendado galan:  
Galicia vay contr' os Mouros,  
Sevilla vais' á sitiar,  
O obispo de Compostela  
C'os seus s' encamiña alá;  
Pois eu c-os meus marcharey  
Mayor, pasado mañan,  
Xunt' o Rey m' habrey batir

Ganando ó posto os demais;  
Serey n'ó asalto ó primeiro,  
Penetrarey n'a cibdá,  
E si á morte me respeta  
Y algunha gracia me dán,  
A man túa alcanzarey  
Qu'ó Rey no m' ha de negar.  
Dá largas ó casamento  
Que ten tratado teu pay,  
Qu' eu xuro qu' ou serás miña  
Ou hey quedar morto alá.  
Consinteu Doña Mayor,  
Xuraron non s' olvidar  
Y ó galán desapareceu  
N'as sombras d'ó castañal.

#### IV.

Xunt' os muros de Sevilla  
Moitos cristianos se ven  
Que chegan de todas partes  
Comprindo ó mandar d'ó Rey.  
Ali está Rodrigo Gomes,  
Está ó seu rival tamen,  
Infantes é caballeros  
Vens' ir é vir en tropel,

Cobizosos de que chegue  
Xá á orde d' acometer,  
O fin comeza ó combate  
Rodrigo ó frente se vé,  
Valeroso y esforzado,  
Cobrindo á vanguardia ó Rey.  
El é ó primeiro n' o asalto,  
E sube ó muro c'-os seus;  
A terrible espada sua  
Sembra á morte con caer;  
Y ó Rey que vé ó seu valor,  
Prendado acercouse á él  
E c-o seu fillo Alifonso  
Fadrique Enrique é Guillen  
O castelo de Triana  
Ll' encargou d' acometer.  
Foy moy braba á loita ali,  
Cai Alifonso os seus pes  
Ferido d' arma enemiga,  
Rodrigo qu' en terra ó vé  
Esposto á ser rematado,  
Fay corro uniço c-os seus  
E apéase á recollelo,  
Qu' ali seu rival non é;  
Deixouno en salvo, é tornando  
Con mais rãbia á acometer,

Fuxe ó enemigo asombrado,  
E cae á torre as mans d'el.

V.

Chegadas toda-l-as novas  
O lugar onde está ó Rey,  
Quer este de Don Rodrigo  
Premear ó moito valer,  
E chãmao é dícelle «Pide  
Qu' o que'pidas che darey.»  
Vendo ó capitán gallego  
Vir á man todo ó seu ben,  
Dixo:—«Señor, ó que pido  
N'o podredes conceder:  
Pido d' Alifonso Telles  
A filla que prometeu  
O infante Don Alifonso,  
Que si Mayor pra outro é,  
Fago qu' os mouros me maten  
Antes qu' a terra volver.»  
—Conta cumprido ó que pides  
Dixo á Don Rodrigo ó Rey  
E conta de Trastamare  
C'-o á propiedade tamen.  
Toma pra Alifonso Telles

O rogo n' este papel,  
Qu' o infante Don Alifonso  
Nin pode apelar d'o Rey,  
Nin s' opondrá á que che pague  
A vida qu' á ti debeu.  
Sabedor Don Alifonso  
De todo ó que fixo ó Rey,  
Mandou recado á Rodrigo  
E con nobre procedere,  
Dixo, dispois de abrazalo,  
«Vaite, amigo, todo ó sey;  
Di á Mayor qu' eres mais dino,  
D'a man sua, que non eu,  
E qu' o pay y ela respeten  
A honrosa eleucion d'o Rey.

## VI.

Alegre torna Rodrigo  
A dulce terra natal  
E d'os Telles chega ó pazo,  
Sin siquera descansar.  
Telles que mira d'o Rey  
E d'o infante á vontade,  
Inquire á Doña Mayor  
Cuyo amor aumenta mais

C-o à vista de Don Rodrigo  
De quen non sofre ó mirar;  
Hastra qu' ambos corazóns  
Non podendo finxir mais  
En estreito abrazo choran  
D' amor é felicidade.

## VII.

Dispois os pouquiños dias  
Unidos por Dios n'o altar  
Abrazábanse de novo  
Rodrigo, Mayor y ó pay,  
Y os noivos sempre qu' a lúa  
Viña á terra á alumiar  
Recordaban seus amores  
N'a fonte d'o castañal.

---

Este romance foy laureado n'ó Certame literario de Vigo  
ó ano de 1880 é dedicado dispois po-l-o autor ó señor  
D. Valentín Graña é Orxe, seu hirmán político.

Á LINDA NENIÑA  
D.<sup>a</sup> MARIA PUGA É PARGA.

---

SOEDADE.

---

Vente, meu fillo, ven; tra-l-os penedos  
Xa vay caendo ó sol ensonñado  
Mira os corvos d'o mar ir car' á illa  
Com' un-ha ringuleira de soldados.  
—¿E tamen eses corvos teñen fillos?  
—N' han de tér corazon.—¿E teñen casa?  
—Casa non.—¿E onde dormen?—Antr' as pedras  
O arrollo estrepetoso d'a resaca.  
—Mira como alá lexos burbuxean  
Moitos puntiños brancos com' á neve  
—¿E que son?—Os barquiños pescadores  
Qu' o lume d'o seu lar quentarse veñen.  
—¿Escoita ó toque d'a oracion n'a Igrexa!

D'os horfos á hora é tira á gorriña.....

Así, filliño, así, rezemos xuntos,

E moy bó rezar semp' ó Avemaria.

.....

Dame agora esa man; vámonos logo:

Corre filliño que está lonxe á aldea.....

—Un-ha nena, mi pá.—Certo.—Ay neniña

¿Onde vás? ¿De quén es?—Contesta nena.

—De ninguen.—¿De ninguen! ¿Quen son teus pais?

—Meu pay morreume hoxe, nay non tiña.

—¿E tíos ou hirmans tampouco tés?

—Nonseñor.—Boeno, enxuga esas vagoiñas.

—¿Cantos aniños tés, rapaza?—Sete.

—¿Miña xoya, que nova así te vés!...

¿E onde vás á dormir hoxe dinoite?

—Non teño onde dormir, ni onde comer.

—Vente, probiña, ven, n'ó meu chousiño

Hoxe camiña é pan atoparás,

Mañan... irás buscar porta por porta

O pan qu' á humanidade os horfos dá.

Que como n'as aldeas n' hay señores

Tampouco hay fame, ni horfos, nin delor;

Y ó que non topa pan á fame morre,

Sin mais misericordia qu'a de Dios.

Vente filliña, ven, que xá encomeza

A neve sobr' os pinos á caer...

Xá estamos. Entra nena, chega ó lume,

Toma broa, filliña, come ben.  
;Quen sabe si á tendrás mañan dinoite!  
;Quen sabe en que casiña durmirás!...  
;Quen sabe si ó meu fillo mañan horfo,  
Como ti, pan é lume pedirá!...

.....

Toca as almas na Igrexa; reza neno.  
;Mira que Dios n' atende as criaturiñas  
Que non rezan dinoite po-l-os horfos!  
Reza por eles sempr' o Avemaría.

---

Laureada n' o Certame literario de Vigo ó ano de 1881  
é dedicada po-l-o autor ó mesmo dia á linda nena cruñes  
á Srta. Doña Maria Puga é Parga.

Ó MEU QUERIDO AMIGO  
Ó EMINENTE HISTORIÓGRAFO  
SEÑOR D. LUCIANO PUGA E BRANCO.

---

A VOLTA D'O SOLDADO.

---

POEMA.

—

I

N'A CRUÑA.

Son as doce d'o dia  
Po-l-o relox qu' hay n'a Capitania:  
Y ó que n'a Cruña queira  
Libra-l-a faltriqueira  
Sin ter n' ela custion, fea ou bonita  
Que vaya as festas de Maria Pita.  
E ben que che me chocan  
Os santos d'os cruñeses,  
Como todo-l-os anos se sofocan;  
Pra contarlle os Ingreses,  
Con altaneiros modos,  
Qu' unha muller valeu mais qu' eles todos.

¡Quen sabe si á que tiña  
Eses brios guerreiros,  
Sabría remendar ben á roupiña,  
Ou fergar como é débito os pucheiros,  
Criar ben os seus fillos  
Ou facerll' o seu home uns calsonsillos!  
Mais ó certo é qu' a hestoria ten bó lombo,  
Y á heroína entusiasta,  
Que deberan correr c' unha bragasta,  
Vaya... as cousiñas craras  
Por meters' en camisas d' once craras  
Mais qu' a outros héroes mil, a é dá bombo.

## II.

En pelotons as xentes  
Vens' ir para ó derribo dilixentes.  
Ali xunt' uns xigantes penedales  
N'un chan fondo, moy fondo, n' unha coba  
Vense cregos, manates, xenerales,  
E autoridades c'o á calina nova,  
Namentras os espazos dá armonía  
A banda musical d'a Artillería.

Mais... ¿qué fay esa Cruña á aquela hora?  
Perguntan os de fora;

Pois moito: pon ali á pedra primeira  
D' un pazo provincial, pra qu' os humanos  
Ou mellor dito, as xentes venideiras  
Lle pousen as demais d' aqui á cen anos.

### III

#### N'A ALDEA.

Carretera de Carballo  
Por unha volta lixeira  
Rodeada d' amieiros  
Qu' as augas tépedas regan  
C' unha gorra de soldado  
E c'-o á militar chaqueta  
Camiña un mozo arrogante,  
Qu' é mais rico qu' á riqueza,  
Porque leva pendurado  
D' unha banda, n'a cadeira,  
Un cañuto moy noviño,  
C'-un tesouro; c'-o á licencia.  
E Xan Regueira que ven  
De moy apartadas terras,  
Qu' o Rey sirveu en Manila,  
Gardando as torres aquelas  
Qu' España ten entr' os indios,

Pra dar os parbos fachencia,  
Por que pra non estimalas  
É moito mellor non telas.  
Ali sirveu sete aniños  
Sin saber novas d'a terra,  
Novas que cando son novas,  
Xá mais que novas son vellas.  
Nin soubo nunca do pay,  
Qu'a familia toda era  
Que tiña Xan en Anzobre,  
Nin tampouco de Sabela  
Anxo puro é virxinal  
Nascido d'a primaveira,  
Señora d'os corazóns  
D'os mozos todos d'a terra,  
Cando Xan foy pr'o servicio,  
Que foy por mor d'o pay d' ela;  
De Xan-Andrés d' Armenton,  
Qu' era Alcalde, é din as lengoas,  
Que por topar parolando  
N'a corte á Xan con Sabela  
Xuroullas, muy ben xuradas,  
Y ó vi-la quinta cumpreullas.

#### IV.

Bicade ollíños todo ó chan que vedes

Qu' a frebe me conturba d'a alegría;  
Non soñades olliños n'o per sedes  
Alí está á terra que vos troux' o día.  
A Igrexa d' Armenton acoló á tedes,  
Acolá os soutsos qu' entre sonos via  
Mais... ¿que vágoas son estas? ¡Meigas fora!...  
Riranse s' un soldado ven que chora!

Vou ver meu pay. Ond' estará ó probiño:  
Inda recordo á tenra despedida  
Que che me dou n'a Cruña; coitadiño,  
Parescía que e'-o éla daba á vida.  
E si ó topara ó probe enterradiño?...  
Xá acaso á sua morte esté esquencida...  
Volta as vágoas á vir... ¡Sus, meigas fora...  
Riranse s' un soldado ven que chora!

¿E Sabela?... Sabela; estrela crara  
Qu' as néboas disipaches d'a fé miña  
Dey vida á yalma pra que te mirara;  
Xá ó prometido cumprirase axiña.  
¿E si e'-outro casada ch' atopara?...  
Po-l-o ceu, anda Xan, anda camiña,  
¿Ind' hay vagoas? Atrás... Non ¡meigas fora  
Un soldado anque morra, nunca chora!

Miña virxe d'a Barca, non tornedes  
Infelis ó que volve á patria súa;

Xá ll' abonda á estrania, ven ó veles,  
Y ó pasado sufrir n' o peito brúa.  
Virxe Santa d' a Barca, xá sabedes  
Ó que xurou Sabela, «morta ou túa.»  
Ay d' ela si minteu... ¡Sus! meigas fora...  
Un soldado hastra mata, mais non chora!

V.

D' esta maneira falaba  
Xan Regueira ó camiñar  
C' -o á esperanza dentro d' o peito  
Y á duda sempre detrás,  
Hastra topar c' un meson  
N' o que entrou pra descansar:  
Mesoneira unha muller:  
Catro galiñas é un can  
Con tres pipas, é dous vasos  
É todo ó que dentro hay;  
Y á mesoneira c' -o á roca  
Y ó fuso n' o aire ó compás.  
—Mozo que quer—ll' e pregunta.  
—Fumar, beber, é pagar.  
—¿Vay moy lexis?—Un pouquiño.  
—¿Ven d' o servicio?—Quizais:  
¿É non vive aqui mais xente?

— Vosté vé toda á que hay;  
As galiñas son os fillos,  
Y ó home da casa ó can,  
Que morde á todo-l-os probes  
Inda ven n'os vé arrimar  
A vinte pasos d'a porta...  
Vel-ahí ven un, xá verá  
Como lle racha ó calzon...  
— «Unha limosna...» «Guau... guau...»  
— Toma aquí can... ¿Non ll'o dixen?  
E unha risa c'-o este can.  
— Non vexo xusta esa risa;  
Vosté non ten caridade;  
¿Non ll' era millor qu' os probes  
Lles dera ó qu' os animals?...  
— Que errado vay meu amigo:  
Ó corazón Dio-l-o dá  
É cando Dios me premite  
Querer mais qu' o probe ó cán  
¿Que ll' hey facer? Estimalo  
Que Dios ben sabe ó que fay:  
Peor fora que mentise  
Finxindo com' outros fán.  
Nunca torza ó corazón  
D'a linha que Dios lle dá;  
Ó qu' el quere quereó Dios.  
Y ó qu' ó cumpre ben lle vay.

—Pois quede con Dios vostede  
È quede con Dios, y ó can,  
Qu'os meus libros non son eses...  
Vosté non tén caridade...  
E Xán saleu amoscado  
È botouse á camiñar.

## VI

Que xente mala hay n'ó mundo  
Marchaba decindo Xan.  
¡Quen che sería aquel probe!  
¡Ay Dios... si fora meu pay!...  
Malos demos, si ch'o fora,  
Daba c'-o él volta atrás,  
Y encomenzando n'a vella  
Y arrematando n'ó can  
Xur' ó ceu que ch'os había  
De pra sempre escramentar.  
Y as palabras que me dixo,  
Que fin, que volta tendrán...  
«Nunca torza ó corazón»  
«D'a linba que Dios lle dá;»  
«Ó qu' el quere quéreo Dios,»  
«Y ó que' ó cumpre, ben lle vay»...  
—Alli está ó probe sentado...

¡Corazon! ¿será meu pay?  
Sey que non é, ten valor  
Non é, non, respira Xan.  
Por eso ó que fay á ausencia;  
Foxe un d'o que ven buscar  
È recela d' atopalo  
Por si ven un mal detrás.  
—Boenas tardes meu velliño  
—Boenas tardes militar;  
Si me dera un ichaviño...  
—Heille de dar dous reás  
Con tal qu' as miñas preguntas  
Poida é queira contestar;  
¿De doud' é vosté primeiro?  
—Eu sonlle d' aquel casal  
Qu' ó pé d'a Igrexa se vé  
D' Armenton, acolá está.  
¿E conece ou coneceu  
Á un tal Roque de Bastian?  
—Conezin, ese morréu  
Á pedir dous anos hay,  
Miña xoya, n'a devesa  
Qu' hay ó pé d' aquel piñal  
De Xan-Andrés d' Armenton,  
Qu' enton era Xues de pás,  
È por mais empeños qu' houbo  
N'o quixo ó probe enterrar

Hastra qu' ó abreu á xusticia  
Que veu dend' á Cruña acá.....  
Pero... ¿que ten?... ¿Conozeuno?...  
Vosté tembra....—Non, ¿que mais?...  
¿Tratou vosté algunha vés  
Á ese Roque de Bastian?  
—Contoume unha hestoria un dia  
—Pois veña esa hestoria acá,  
Qu' eu son amigo d' un fillo  
Que lle morreu tempo hay  
N'o servicio alá en Manila.  
—Tamen d'el ll' oin falar.  
—Pois sey á vida d'o fillo  
Xusto é que sepa á d'o pay.  
—Boeno, pois sèntese, é oya  
Que ll'a vou á relatar.

## VII.

Éra ese dia d'o Dezembro frío  
En que Cristo naceu pra n' os salvar  
N' aquel mes en qu' os soutos sin follaxe  
Os recordos d'os mortos á un lle trán,  
Cando á neve de branco veste os prados  
Y ó sol vaiños despindo con vagar,  
Y os piñales airosos se brandean

Cando os ven á insultar ó vendabal.  
O pé d' aquel chousiño qu' ali vedes  
Cabe os penedos que salpica ó mar,  
Comemos unhas codias que nos déran,  
Bebemos d' unha fonte qu' ali está,  
Y as lembranzas envoltas en sospiros  
D' outras mais pasaxeiras Navidás  
Comezou á chorar aquel coitado  
Y á falar d' ese fillo morto alá.  
«Cinco aniños fay hoxe, me decia,  
Qu' á porta m' o viñeron á buscar,  
Maxina ó qu' este vello penaria,  
Dios sabe ó que sofrin é ninguen mais.  
Inutile pr' o traballo en s' indo ó fillo  
Non podía xá as veigas traballar  
Y os donos sacarianm' os arrendos  
Deixándome sin terras é sin pan.  
Com' as leises n' atenden á qu' os fillos,  
Teñan que dar mañan sostento á un pay  
Sinon qu' é menester qu' o estèn sostendo  
Como si ó pan comido, fose pan:  
E como ó que non ten sesenta aniños  
Non se pode queixar de traballar,  
Anque ó figado tiña en vinte anecos  
S' ademais n' é tolleito de pé é man;  
En fin, como non son nin pais nin fillos  
Os que non teñen oito mil reás...

Roin aquel delor, y ó outro día  
Fun con Xan hastra á Cruña pr' o embarcar.

E d'ó muelle ó vin marchar  
N'un barco de Rey, de vela,  
Cara á min por me asexar,  
Qu'ó mando d'a xente aquela  
Ni á un pay se pode mirar.  
A oleaxe embravecida  
Revirábase valente  
Portestaba delorida  
Contr' as-leises, contr' á xente  
Qu' así m' arrincaba á vida.  
Pasaban po-l-o meu lado  
Os que n'ó puebro vivían,  
Y eu topábame bulrado  
De ver qu' hay xentes que rían  
Onde chora un desdichado.  
O barco mentres garboso  
Rumbo ó poente corría,  
Ferio ó sol maxestoso,  
¡Quen sabe si ó maldecía  
Por me ver tan pesaroso!  
O cabo desapareceu  
N'as tréboas vagas d'ó mar,  
O sol tamen s' escondeu,  
E soyos n' aquel lugar

Quedamos, Dios é mais eu;  
Viña á noite, ó mormorio  
D'a oleaxe, iba á mayor  
O mar púxose bravio  
Y eu c'-o á frebe y ó delor  
Batín os dentes de frío. .  
Dispois... d'a Cruña salin  
Camiñando pouco ou moito  
Cuberta á yalma de loito,  
E sin dar razon de min.  
A noite púxose oscura.  
O vento os pinos movía  
Cruzey á vasta campía  
Soedad' hachey é tristura.  
Cando cheguey ó lugar  
Percibín acompasadas  
D'a campán, as bataladas,  
Que tocaban á enterrar.  
Cheguey á tempo pra ver  
Aquel natural misterio;  
Cando entrey n'ó simeterio,  
Tomás... ¡que triste é morrer!...  
Ninguen vin; n'ó campanario  
Tocar de presa sentia  
N'a Igrexa unha lus morria  
Xunt' a Virxe d'ó Rosario.  
Cravey os ollos n'ó chan

E vin unha cousa escura,  
Aquela era á sepultura...  
Nin os mortos pra ela van.  
Só un ciprés n' aquel lugar  
A pas d'ó sitio trubaba,  
Y un moucho que n' el piaba,  
O son d'ó seu bambear.  
O fin ó morto chegou  
N'a tomba, qu' era probiño,  
Catro mozos y un creguiño,  
Ninguen mai-l-o acompañou.  
E baixou ó sancristan  
Preguizeiro, feito un sonso,  
Y ó crego y él un responso  
Repartiron man á man.  
Retirou d'ó corpo aquel  
Dispois unha colcha nova,  
Y en coiro ó botou n'a coba  
Saltando logo sobr' el.  
A terra toda á seguida  
Foille c'ó ligon botando  
E c'os pés foina fincando  
Hastra que non dou cavida;  
¡Que n' esta vida de' entortos  
De falsias é delores,  
Tamen hay enterradores  
Pra ser verdugos d'os mortos!

As escuras caladiño,  
Dispois todo foy quedando,  
E todos fomos marchando  
Y ó moucho piou quedaiño.  
O demais é ben sabido;  
Os vinte dias xustiños  
Embargáronm' os trapiños  
Pr'os atrasos d'o pedido.  
E e'-o delor morimundo  
Soyo por eses camiños,  
Busquey o pan qu'os probiños  
Deben as portas d'o mundo .  
Unha esperanza levey  
De cote dentro de min,  
Sin ela xá morrerey...  
Coidey ver Xan é n'ó vin.....

.....

### VIII.

—Basta xá... Diga vostede  
¿Sabela casou quizais?...  
—Casou é xa ten tres fillos.  
—¿Con quen?—Con Pedro d'o Val,  
E ven que se levan mire...  
—Conteste, ¿ó pay morreu xá?...

—O pay d' ela, si señor,  
Morreu inda pouco ll' hay  
Que' hastra saleu á compañía  
Po-l-a noite n' o lugar...  
—E diga, ¿d' esa Sabela  
Falou Roque de Bastian?  
—Falou para maldicila  
Que dis qu' o mes, pouco mais,  
De s' ir ó mozo ó servicio  
Foise moy foncha á casar...  
Pero, ¿que tén?...—Teño... presa....  
Tome, ahi ten os dous reás...  
Y hastra mais ver, meu amigo.  
—Dio-l-o axude, militar.»  
E entrambos parten d' ali  
Un pr' a volta d' o piñal  
Y outro dereito ó sendeiro  
Que vay á Igrexa á parar.  
¡Non mais novas, porque morro!...  
Marchaba decindo Xán;  
Hoxe é hoxe... mañan... certo...  
Mañan x' o mundo dirá...  
Ben che dice á taberneira  
Non hay voltas que lle dar...  
«Nunca torza ó corazon  
»D' a linha que Dios lle dá;  
»O qu' el quere, quéreo Dios

«Y ó qu' ó cumpre ven lle vay.»  
E c'-os ollos alcendidos  
Y os dentes á rechinar  
Desapareceu de todo  
Marchando car' os touzals.

### IX.

Hay en Galicia unha rexion formosa  
Mais dolce qu' os ensonos dos poetas,  
Mais tenra qu' o piar d'a folosiña,  
Mais pura qu' o recinto d'as ideas;  
Dond' as auras de cote son morniñas  
Y os montes arrecenden sempre á névoda,  
O corazon recorda amores puros,  
E á yalma posta en Dios n' el se contempra  
Esta rexion ostenta ó privilexio  
Como toda-l-as mais fillas de Suevia,  
De deberllo todiño úneamente  
A nosa nay comun; á Natureza  
N' o cual seyo repousa adormidiña  
Coma n'a cuncha unha brillante pelra  
Asemellando candorosa virxe  
Pronta á rendir á cinobial oferta,  
Qu' apartada d' o mundo alegre vive,  
Sin cobizar xá d' el outra grandeza.

Ésa rexion que copia ó paradiso  
Mescla de monte é val, c'ó mar á veira,  
E Anzobre d' Armenton, ali está ó pazo  
Qu' atestiga os pasados y á nobreza  
D'os insines Cermeños y outros varios  
Ascendentes illustres, d' outras épocas,  
D'ó autual posehedor, com' eles nobre,  
Non por herdada, non, por propia cencia;  
E por virtudes non comuns por certo;  
D'ó home que d'a yalma teño á veira,  
D'ó hirman d'ó corazon, d'ó caro amigo  
Cuyo nome encabeza este poema.  
N' esta rexion feliz é venturosa  
E donde rin as albas sonolentas  
Cand' os vals dan ó cefro os seus aromas,  
Y as aves c'-o seu trino ó espazo puebran.  
O gallo con fachenda canta ó dia  
Y entr' as galiñas brinca é cacarea.  
O labrego persinase entre sonos  
O abri-l-a media porta que dá á eira,  
E dá paso as alegres anduriñas  
Que san á buscar moscas po-l-as veigas,  
Deixando os paxariños n'ó seu niño,  
Piando, á competir, mentras desperta,  
O brigantino infante, que n'ó verze  
Ri d'os anxos á risa pracenteira.  
Ali é dond' o mar ven terra adentro,

O riacho que baixa po-l-as veigas,  
Pra axudalle á copia-l-os mazanzeiros  
N'as auguas vidrosiñas d'as ourelas.  
Os montes donde brillan como cintas  
Os regatos qu' anegan as pradeiras.  
Os arbustos que choran n'as umbrias  
D'o roxo Febo á perennal ausenza.  
As encañadas de loureiro é mirtros,  
Os laranxos ó borde d'as vivendas,  
As devesas de robres é castaños,  
Y ó piñal que n'a altura se bambea.  
Os buxos que penduran as ramiñas  
N'os musgosos tellados d'as aldeas,  
Y as casas pousadiñas ó descoído  
Alá y aquí sobr' a mulida herba.  
Ali é dond' o sol n'a augua d'a fonte  
Se creba en mil prateadas lintijuelas,  
Mentras asemelland' un coro Cintio,  
Os merlos danlle trinos n' as frorestas.  
Y ali ó morrer de tardes estivales,  
Cando desperta á lúa pracenteira,  
A abóa agasallada po-l-os mozos  
Preside alegre ó corro entre-l-as nenas  
Que fan son ó rabel ou ben á frauta  
O compás d'as alegres castañetas.  
Enton vaise pousando sobr' o río  
O cresponciño azul, fillo d'a néboa

Y ó vapor convertíndos' en orballo,  
Vay regar no roleiro á madreSelva.  
Rebuldan c'-o as pedriñas os regatos  
O ruxiñol namora n'a arboreda...  
Y á lús esprendorosa que c'-o á lúa  
Deixan caer n'os soutos as estrelas  
Asemella á d'as lámparas d' Osiris,  
Que n'ó Délfico tempro, á Apolo velan.

X.

E á meia noite. O resprandor d'a lúa  
Vertes' undoso n'a rexion d'o mar;  
A fronda ri garbosa c'-o á lús súa.  
Dorme Frora; y ó lobo está á oubear.....

.....  
.....  
.....

Por un sendeiro que pr' o mar camiña  
Un home c' unha carga ó lombo ven;  
Semellas' un pantasma c' unha almiña,  
Camiña á praya soyo. N' hay ninguen.  
Chegado ó pé d'o mar, xuntí' un penedo,  
Pousou ó que traía... unha muller...  
Alzou pr' o ceu uns ollos que dan medo,  
E dixo: «¡A noite é propia pra morrer!»

El é Xan de Regueira; ela Sabela  
Que sin sentido sobr' o chan está,  
Mentres él, d' ira cheio, frente d' ela  
Dá voltas, cara aquí, cara acolá.  
«Hoxe falsa, dicia, morreremos  
E cumprirás vilán à fé xurada...  
N' o fondo d' ese mar nos uniremos  
Xá que n' a terra non se cumpre nada...  
Ja, ja, ja... di Sabela dando un brinco,  
Mira demo... ven Xan... que mar branquiña,  
Vente lúa... unha, duas, catro, cinco...  
Andade estrelas, vide pra á casiña...  
¡Toleou!!... dixo Xan... Santo castigo  
Que salva de morrer á esta coitada...  
¡Dios y á Virxe d' a Barca sean contigo!...  
¡Adios falsa muller... vay perdonada!...  
E camiñando Xan, hastr' un penedo,  
D' os mais altos qu' ali pudo atopar,  
Tirouse' ó mar... E todo tornou quedo...  
E volta ó lobo ó lexo á oubear.....  
.....

## XI.

Cando risoña dispontaba á aurora,  
As xentes asombradas d' o lugar,

Din qu' un demo qu' a Xan se parecia  
Cando s' iba Sabela pra deitar,  
Entrou po-l-a ventan, é sin qu'o home  
Tivera ali unha crus pra ll'o ternar;  
Colleuna, é xá á levaba pr' os infernos,  
Mais topou c'un cruceiro xunt' o mar,  
Caeu acobardado ali, é deixouna,  
Marchando pr'os profundos, á berrar...  
E Sabela c'-o medo, sin xuicio,  
Tornou á coitadiña pr'o lugar.....

.....  
.....



## OS FILLASTROS.

---

Xunt' unha crús de pau, n'un simeterio  
Tres nenos sentadiños,  
Dispois de persinarse con misterio,  
Falan así, c'ó á nay, os coitadiños.

Nanay, nay queridiña,  
Di un:—Papay é malo,  
Pero péganos mais, nanay Rosiña...  
Outro:—Qu' eles non oyan ó qu' eu falo,  
Mándanm' ir á taberna á buscar viño  
E bébenno sin nosco...  
A min mordeume ó can—di ó mais noviño,  
Eu quérome quedar aquí con vosco. ...

O espírito maternal: ¡Inocentiños!  
¡Dios mire por vosoutros, meus filliños!

RECORDO Ó MEU DISTINGUIDO AMIGO  
O EXCMO. SR. D. MANOEL ATOCHA.

**A VINGANZA XUSTA.**

Ó EXCMO. SR. D. NOLASCO AURIOLÉS,  
EX-MINISTRO DE GRACIA Y XUSTICIA.

EPÍSTOLA.

I.

Señor Don Nolasco Auriolés,  
Moy estimado señor:  
Po-l-ó ben d'a sua yalma  
Qu' o fin teño relixion  
Voulle dar un avisiño  
N'esta dúcea de ringlons  
Pra pedirle que se poña  
A ben connigo é con Dios  
Por unha aucion que me fixo  
Sendo ministro, señor.  
Sobre todo á ben connigo

Que son mais malo que Dios  
E vay pro inferno, abofellas,  
Si non logra ó meu perdon.

## II.

Hay ll' algun tempo amiguño  
N'as xustas d'a oposicion  
Que se fixeron n'a Cruña  
(X' era Notario, señor,  
Con cinco años servidos  
E entrey po-l-a oposicion  
Fun primer sebresalente  
E déronm' esta en qu' estou)  
N' aquelas xustas que foron  
De Galicia á nata é fror  
De novo sobresalente  
O Tribunal me nombrou  
Propoñéndome pra Vigo  
N'a terna d'a oposicion  
O primeiriño d'os tres,  
Que seiqu' o lugar pior.  
Non mais que n'a terna aquela  
Posto d' honor se me dou  
Mentras-l-os outros levaban  
En duas posto d' honor.

III.

\* Guiado po-l-os consellos  
D' alguns amiguiños bós,  
Alá me fún pra Madri  
A traballa-l-a custión  
Que pra tomar en España  
O que manda á ley de Dios  
Hay ll'e qu' andar con mais voltas  
Que pr' indultar á un ladron.  
O ministro é moy xustiño,  
Lle me decian, moy bó,  
Os primeiriños d'as ternas  
Hastr' aquí sempre nombrou.  
Manoel, vay á visitalo.  
Verás que juapo señor.  
¡Era juapiño, moy juapo...  
Moy juapo pr' o qu' á levou!  
Inda lle m' acorda agora  
Como si o vira señor,  
Percureim' unha entrevista  
Certa tarde é xunta vos  
Entrey, non com' os que teñen  
A xusticia en ley de Dios  
Sinon com' un desherdado  
Que pid' amparo é favor.

¡Os libros, viaxes, desvelos  
Y as loitas d'a oposicion  
¡Quen percira recordalos  
Mais que qu' o probe qu' os pasoul...  
Ind' o estou vendo; ali estaba  
Falando c' outro señor,  
C' unha levita noviña  
Y unhas botas de charol  
D'as que custan catro pesos  
N'un zapateiro d'os bós....  
«Deje usté aquí una tarjeta  
Y váyase usté con Dios  
Que la justicia es justicia.....»  
E mais é; tiña razon;  
Pero eu apricando ó conto  
Com' os parbos n' o meu pró  
Salin moy foncho decindo  
¡Vaya ech' un juapo señor,  
Non vin home mais xustiño  
Parés un santo de Dios!.....

#### IV

Pasad' un mes, Don Nolasco  
Xa á juapeza me faltou;  
Qu' en ves de lére por riba

O nome d' opositor  
Enganouse po-l-o visto,  
No seguinte enomezou  
Nombrouno, é á min deixoume  
Por Madri vendo visions.  
Y ó mais raro é qu' eu Notario  
N' este puebro dond' estou  
C'o primer sobresalente  
N'a primeira oposicion,  
Sobresalente n' est' outra  
Cinco anos bô servidor  
Non levando á nova praza  
Sigo en cuarta situacion  
porqu' a ley ten ó defeuto  
De non dar ascenso ó honor,  
Ó Notario Don Nolasco  
Que n'o meu lugar nombrou  
Apesar d' entrar de novo  
Mediant' esa oposicion  
Subeum' en categoria  
Y eu quedey n' esta que estou  
Apesar d' el ser segundo  
Y eu primer lugar d'honor:  
Indinado po-l-o feito  
Y os gastos que me causou  
Pódeme creer, xureillas  
Dicindo pr' o meu xubou:

«Xuro á min que si algun dia  
Baixo de min te pon Dios  
Pagara-l-as que fixeches  
Ou deixo de ser quen son.»

V

E quen m'o dixera amigo.....  
O tal dia xa chegou  
Pra qu' axustemo-l-as contas  
Qu' hay pendentos entr' os dous.  
Hay tres dias fun á Igrexa  
A cumprir c'o á confesion  
E preguntoumell' ó crego  
Si tiña á algun mal amor.  
Eu dixenlle qu' á vostede  
Y él de pronto contestou:  
«Pues hermano, por el cielo  
Perdone uste á ese señor  
Y sinó tenga entendido  
Que no le perdona Dios.»  
—¿Y el ten cargo de conciencia  
Si non logra ó meu perdon?...  
—«Tiene»—contestoume ó crego;  
—Pois boeno; quede con Dios,  
Respondin, é levanteime

Sin cerrá-l-a confesion.  
¡Xuro á min qu' antes que chegue  
Á facerll' este favor  
Há de sudar D. Nolasco  
Ou ten que pedir perdon!

## VI

Por eso, Don Nolasquiño,  
Por que teño relixion,  
Por salvá-l-a sua yalma  
E por facerll' un favor,  
Escriboll' esta cartiña  
Escriboll' estes ringlons  
Pra decirlle que se poña  
A ben connigo é con Dios:  
Sobre todo á ben connigo  
Que son un pouco pior  
Que vay pr'o inferno abofellas,  
Si non logr' ó meu perdon.

1880.

M. M. G.

Ó ILUSTRE HOSPEDE D'O «PAIS DAS RIAS»  
Ó SEÑOR DON ANDRÉS MELLADO,  
DIREUTOR D'O «IMPARCIAL.»

---

OS ESCRAVOS.

---

Ilustre viaxeiro: as vosas loas  
Lein por varias veces n'o *Imparcial*,  
A esta terra esquencida d'os que escriben  
Coma vos en Madri, y hey consinar  
Que vin pouquiñas cousas mais subrimos  
N'a estética materia, é que non hay  
Tesouros para pagar eses favores...  
¡Cantas xentes pro ano acá virán!...  
Por menos á alguns homes fanse estatuas  
Ou nómbraos unha calle n'a cibdá.  
Decides, meu señor, cal será á causa  
Por qu' a nosa campia escrava trán.....  
Eu vouvo-l-o decir, anque me prendan,  
Pra que vó-l-o contedes por alá.

A morte de Galicia son duas cousas;  
A primeira, á carcoma d'os forals,  
Que sangra eses xardins que vos cautivan  
Dond' hastra ó virxe aroma, inda é feudal.  
A segunda, esa cousa qu' os d'a Corte  
Chamades caciquismo de lugar,  
Que n'a aldea gallega fay mil danos  
Pois todo é un puxilato personal  
Ond'a pasion xa cega non repara  
En perder á calquera, hastra á un hirman.  
Razon sobrava á aquel rapás d'a escola  
Que decia qu' o inferno era un lugar...  
O home de despexo qu'a unha aldea  
Pra busca-l-o sustento vivir váy;  
Con tal que poña tino é finque n' ela,  
Por catr' ou cinco aniños nada mais,  
Xá n' hay lebre corrida que m'o atrape,  
Nin preito que n' aprenda á dar pr' atrás  
Nin trampa que lle quede por saber,  
Nin gramáteca parda qu' estudar.  
Un puebro qu' é pequeno évo-l-o inferno  
Ond' un é para ó outro un satanás,  
Un ladron qu' ó que tén tén roubado,  
Ou déronllo cad' un todo-l-os mais;  
Un mal pay que non dou enseño os fillos,  
Ou doullo é sairon parbos po-l-a nay.  
E si esto n' armunia pasa entr' eles

¿Á un estrano que creto ll' han de dar?  
Xá pode calquer home de carreira  
Por mais qu' alcance estima n'a cibdá,  
Irse á gana-l-a vida á un puebro d' eses;  
Mais lle valer' o probe irse enterrar.  
Non falta n' ese puebro un taberneiro  
Que funcione por amo d'os demais,  
Ciruxán, ou manate con guedellas  
D'as raspas d'o xá podre árbol feudal  
Que queira escravizalo, é ¡ay si resiste  
O despóteco xugo!... E' morto xá.  
¿E por qué? Por que ó amo (din os servos)  
Merca escravos c'o vale eleitoral  
Que pra eso vos din qu' herdou... papeles  
E ten catro devesas é un piñar,  
Y unha pedra con fentos é couselos  
A dereita d'a entrada, d'o portal,  
C'un pexego, un raposo, un gato bravo,  
E' unha espada metida nun arcás.  
O tal virey montés todo ó manexa  
Y é quen ó desfay todo, qu' n'o fay  
Saca alcalde á un chanton de laranxeiro  
E fay d'un alcornoque un xués de pas.  
Veredes home d' eses, meu amigo,  
Con vintacatro fillas por casar  
Que chaman á un retrato jarrotipo  
E fártambos de fraire é catredal,

Y anden c'un sombreirillo po-l-as veigas  
Que por raro n'ó truxo ó mesmo Adán.  
É coidado s'un día as saludades  
Todo vo-l-o han tomar sempre por mal,  
Din que non parecedes de principios,  
Sinon un sin-vergonza d'a cibdá  
E si nas saludades, un soberbio,  
Que vay tira-l-os piollos ó lugar.  
Esperand' un marqués pasan á vida  
E como nin d'un ollo ó demo os tray  
Rematan por casarse en sendo vellas  
Con calquer cravo ardendo, ou reventar.  
¿É si ten algun fillo con carreira  
O pseudo-ditador señorial?  
Diò-n-o libre, n'hay sábio en todo ó mundo  
Com' este rey chiquito d'un lugar;  
A envexa contra vos xa non ten coto  
A guerra un día é outro é mais tenàs,  
Por que non é posibre qu' un ll' igoale  
Non señor, só pra él s' os libros fan,  
Unide á todo esto que os veciños  
Vesten cara por diante é por detrás,  
Que de vos falan mal de cote á aqueles  
Y á vos contambos d' eles tamen mal,  
E diredes connigo... «Ahora comprendo  
Por que ch' hay tantas cruces n' este chan,  
Ou son pra renegar á tantos demos

Ou pra impedir que veñan outros mais  
Mentra-l-o probe ilota se redeme...  
Qu' há ser cando dén uvas os perals.

Agosto 15 de 1882.

---

Ó MEU AMIGO Ó ECXMO. SEÑOR  
DON ANTONIO M.<sup>a</sup> D'O COUTO ZAGALLO,  
GOBERNADOR D'A PRAZA DE VALENZA.

—  
A UNION IBÉRICA.

ODA.

Fragante Lusitania, nunca esquives  
D' España ó arrolo brando é *morasiña*.  
Ti que n'ó colo d' esa noiva vives,  
Acólleo con cariño.  
Son as lembranzas d' un amor primeiro,  
E ó canto ó pé d'o niño,  
D'o xilgaro n'ó herdabre laranxeiro,  
Que sin sabe-l-os donos n'el se pranta  
E por igoal á todos eles canta.

E d'o hirman desterrado á vos dorida.  
A amarga queixa do consort' ausente,  
Mentra-l-outro camiña á espor á vida  
Na barca que traspuxo ó sol poente.

Pr' España é Portugal rexe unha estrela;  
N'a fronteira á campán dous puebros xunta  
Canta n'a ourela á rola, á oposta ourela,  
Y ó Santo que viveu n'á punta aquela  
Os milagres parteu c'os d' esta punta.  
Pare un fillo sua nay n'o comun linde,  
E non sabe á cal pátria ten por súa,  
Nin á cal, c'o ese fillo amante brinde,  
Si á ley non ven decirlle «ahí te-la túa.»  
O mesmo fruto d'a neutral campía  
Pr' España é Portugal uns fillos cria.

¿Por qu' han quere-l-as leises  
Rompé-l-o que pautou á Natureza  
Chamándonos por modos mentireiros,  
A entrambos nacionaes ou estranxeiros?  
Non ten cad' un ó seu, temos do'us Reises;  
Ahí está á desigoaleza.  
Mais ¿qu' importa qu' aparte gobernemos,  
Para que todos uns nós desinemos?

Non encrube ó meu canto vos treidora,  
Nin de lurca ambizón livian consello;  
Puxera n'o meu lábeo á morte ó sello,  
Antes de vir tal hora:  
Pero os pruebos que teñen comun gloria,  
Chan comun, relixion, costume é hestoria,  
Qu'a un destino comun están chamados,

¿Por qué non se han tornar unificados?  
Europa, vella tola,  
España é á tua filla casadeira,  
Con noivos d' outra raza, é d' outra escola,  
E c' outro qu' é parente, á mesma veira.  
España é ó tronco, Portugal á pola,  
Comun é ó orixen d' eles,  
Comuns os bens, os timbres y os papeles,  
Comun ó páy qu' o disolvé-l-o lazo  
Un curruncho lles dou n'un mesmo Pazo.  
Non falta mais qu' a union, s' esta viñera  
S' Iberia su fundira n'un abrazo  
Dend' o seu trono, Dios, nos bendixera.  
Alemánia, Austria-Hungria,  
A sempr' unida é liberal Suiza  
Exemplo á todos dán de esa armonia  
Qu' a miña yalma para os dous cobiza.  
Por si tamen se rexen  
Alguns c'o á mais compreta autonomia,  
E cando chega ó dia,  
Baixo ó lema qu' os une se protexen.  
Si nós por enganosos intereses  
Temos apego ó nome respectivo,  
Non seamos españois nin portugueses,  
Busquemos entre os dous un mais cativo,  
Pero un nome que diga os venideiros  
Qu' os hirmans non se chaman estranxeiros.

España e Portugal; patria adourada,  
Que por igoal enxendra os meus sospiros,  
Un ideal comun traerá á alborada  
D'a noite en qu' apareza ó mapa en xiros.  
N' há de ser ó Africán, ni outro estranxeiro  
Quen vos há de marcar un derroteiro  
¡¡Unfos pr'o porvenir!!... A vos d'o vate  
X'a n' ha de atravesar ó raudo Miño  
Cand' Europa s' axite n'o combate.  
Enton n' há de cantar ó pé d'o niño  
Entre ó corvo y ó agudo lagarteiro  
O xilgaro d'o herdabre laranxeiro.  
Hoxe sin ver perigos n' el se pranta  
E á todos por igoal amores canta.

.....

1882.

O MEU ANTIGO AMIGO  
Ó SR. D FELIPE RUZA.

---

A LUA DE CANGAS.

---

Nunca vin nin verey noites  
Mais lindas é feitizeiras  
Qu' as que n'as prayas Cangueiras  
C'o á preia lúa se ven.  
Que lus, nunca Dios me déra  
Que lus é que resprandores  
Galicia non ten cantores  
Que podan cantalos ben.

Cantas noites de mirálos  
Compremin n'a fantasia  
Raudals de soave poesía  
Cando me fun á deitar.  
Cantas noites se pudera  
Roubar un manoxo d' eles

Bicara os rayos aqueles  
No corruncho d'o meu lar.

Decide vo-l-os que vedes  
Todo ó lonxe n'a ribeira  
D' esa lua pracenteira  
Á crara lus refrexar.  
¿Ond' habrá cousa capás  
De se comparar n'a vida  
C'o á lus d'a lúa dormida  
De Cangas ó pé d'o mar?

Cando ó areeiro estreita  
Contr'o seu seio nevado  
Aquel oleaxe prateado  
Que n'el á deitarse ven,  
Parés á praya un amante  
Que n'un rauto de loucura  
Furtivo estreita á cintura  
D'o seu adourado ben.

Ved' ali á lúa n'as copas  
D'os piñales de Rodeira;  
Unha brillante cimeira  
Parés que fan relocir  
Cimeira que vay subindo  
Con pasiño repousado  
Deixando ó casco bulrado  
Por que n'a pode seguir.

Eu non sey com' os que á ven  
N'o espazo azul recreiada  
Non sinten n'a yalma nada  
Nin recordos que chorar  
S'as cunchas d'ouro d'a praya  
Souberan facer poesía  
Qu' amor que malencolia  
Dixeran n'ó seu cantar.

¿E as ondas que van é veñen  
Rebuldando c'-o as aréas?  
¿E aquelas brillantes teas  
De rizado resprandor?  
Dixeran qu' o mar honrado  
Por servir de leito á lua  
Devolve en prata á lus súa  
C'un vaiven gasallador.

Lúa de Cangas saúde  
Saúd' á ti virxe errante  
Compañeira d'ó viaxante  
Que camiña á estrano chan;  
D'ó que non ten pr' abrigarse  
Nin tellas nin farrapiños  
É vé chorá-l-os filliños  
Porque non comeron pan.

Ti que óye-l-a cantiga  
Que sobre' o bote pulpeiro

Canta ó probe mariñeiro  
Sin mais testigos qu'o ceu.  
Mentras soña com' enchelo  
Hastra fincalo de proa  
Pra dar os seu fillos broa  
Cand' él mesmo n'a comeu.

Ti d'a noite soberana  
Consolo d'o namorado  
Testigo d'o infortunado  
Que chora ó pasado beñ.  
Ti que prestas compañía  
Po-l-os deudos olvidados  
Os probiños enterrados  
Que n'os recorda ninguen.

Salve lúa, si á ti chega  
Ó meu sospiro postreiro  
Gard'ó rayo derradeiro  
Po-l-as noites para min.  
E cando bique-l-a lousa  
Que cruba á este desterrado  
Chora s'estou olvidado  
Com' eses qu' en vida vin.....

*Agosto 27 de 1882.*

## OS QUE QUEDAN Y OS QUE VAN.

---

Ola Anton por aqui ¿cando vineches?  
¿É que tal por Madri?  
¡Que presto amigo Xan me conocheches!  
Foime moy ben ¿é á ti?  
¿Como qués que me vaya n'esta terra?.....  
Sempr' ó lombo ó ligoñ  
Labrando hoxe n'ó val, mañan na serra;  
Alleos bens, Anton:  
Ainda ó dia non soña n' alborada,  
Ni' á lus d' ourente sal  
C' un-ha ecdia de broa envarolada  
Camiño pr'ó xornal.  
Alí hora tras hora tod'ó dia  
Un mes, tra-l-outro mes  
Traballa que traballa con profia,

Anton ¿pra que? x' ó ves.....  
Muller é catro fillos pequechiños  
Hastra' hoxe socorrin  
Mais s' enfermo ou n' atopo xornaliños  
¿Qu' é d' eles? ¿Qu' é de min?.....  
Outros á Habana ou Buenosaires ides  
A Cadis ou Madri  
Ricos volvedes todos cantos vides,  
Y eu morro á fame aquí.....

.....  
Cala Xán... esas vagoas reprime  
Que tan inxustas son  
¿Quén n'as costas d'a vida se comprime  
Mirand' o alleo don?...  
Alguns verás, é certo, á quen á sorte  
Incerta protexeu.  
Mais, ¿cantos pra-ese algun topan á morte  
Baixo extranxeiro ceu?  
Eses xogan c'o á esperanza á vida  
Com' o que vay viaxar  
Por soutos sin camiño nin salida  
A sorte está en certar.  
Vos vede-l-os que veñen, non os outros  
Que probes alá están,  
Mortos uns, os demais como vosoutros  
Peor, sin ter xornal.  
¡D' España! Non falemos: ó gallego

N'á España é unha canasta  
Ni' atopa confianza nin achego,  
Xa din..... «gallego é basta.»  
Mira pois, com' os ricos de quen falas,  
A sorte teñen xusta  
Esas contras, traballos, noramalas...  
Dan Xan, ó que lles custa.  
¡Traballa amigo Xan n'á terr' allea,  
Con pacencia é cariño,  
Non maxines salir nunca d'á aldea  
O propio é ó mellor niño!  
Bica á paz que dá Dios ó que traballa  
N'o campo coma vos  
Dormides sin coidado sobre palla  
Mellor qu' en seda nos.  
A vos non vos branquean os cabelos  
Mirade' os nosos, Xan,  
Os pesares por eles hay que velos  
Qu'á un mozo vello fan.  
Traballa amigo Xan a terra allea  
Con pacencia é cariño  
A aldea d'o señor é á tua aldea  
Mentras che dá paciño.  
Y á terra nunca é avara e'ó pacente  
qu' amasa con profia  
e'ó á augua do sudor d'á sua frente  
O pan de cada día.

## UN CONTO DE RATOS.

---

N'un buraco d'un piso terceiro  
Falaban tres ratos  
Y ó mais novo dicia:—Señores  
Alcóntrome parbo  
D'ó porgreso d'a casta d'os homes  
Mirando os adiantos:  
¿Non sabedes qu' agora protexen  
A todo-l-os ratos?  
Hay formadas empresas é centros  
Ben organizados  
Pra qu'a todo ó animal se respete  
Dé estima é bó trato,  
Academeas é premios é libros  
De cote formando  
Que protexan á vida de todos

Por todo-l-os lados.  
Y á fortuna é qu'ó dono d'ó piso  
Qu' os tres habitamos  
E tamen d'os que de proteutores  
Militan n'ó bando.  
Non temamos por tanto desd' hoxe  
Sahir d'ó buraco  
Qu'as rateiras, os cepos y os mistos  
Pra sempr' acabaron.  
Esto oiron os ratos mais vellos  
E destupezautos  
Cun-la pata rascaron á orella  
Miraron, calaron.  
¿No creedes, repuxo ó mais novo,  
Pensades que é falso?  
Malos gatos me coman si minto  
Nin falo d' engano.  
—Eu non digo qu' enganes nin mintas  
Dixo ó mais fiado  
Pero eu digo qu'os homes non teñen  
Miolo n'ó cacho  
Porque falan, emprenden, proyeutan  
Moy ben proyeutado  
Pero cando ó que falan practican  
Todo ó leva ó diaño.  
—Eso non, dixo ó rato pequeno  
E probas ó canto

Eu saldrey é dend' hoxe veredes  
Si é certo ou é falso.  
Moitos dias estivo sahindo  
Moy tranquilo ó rato  
Sin que n' eles tivera nin vise  
Cousa de coidado.  
Os dous vellos qu' andaban os probes  
Sempr' esfamentados  
Animárouse c'ó outro, é sahiron  
Volveron ben fartos,  
Xa dispois l'os tres ratos unidos  
Sin medo roubaron  
E sahian é entraban sin presa  
N'ó bó d'ó buraco.  
Era á certa n' hay duda qu' habia  
O proteutorado.  
Unha noite os dous ratos mais vellos  
Sentiron uns pasos;  
Esperaron un pouco é sahiron  
Toparon c'un prato.  
«Sonche chulas, repuxo ó primeiro,  
¿Porbamos?»—Porbamos.  
Malos demos... dixo un, teño sede  
N'ó peito teñ' algo....  
Tiñan polyos... maldito sea ó demo...  
Y ó protentorado.....  
¡Ay compadre! dixo ó mais velliño

Eu morro, eu estralo...  
Y eu morrin, dixo ó outro caendo  
    c'-o rabo estirado...  
Despertou c'-o estas cousas ó novo  
    Y os ollos fregando  
Informado do que sucedera  
    Di moy contristado:  
¡Ay de min que che tiven á culpa  
    Qu' houbera este ergano!  
Eu debín d' anotarnos á todos  
    N'ó proteutorado  
Pra que viran á falta si á habia  
    Y andar todo en craro,  
Qu'ó demais eu sey qu' boxe protexen  
    A todo-l-os ratos.

.....  
D' ali un pouco salindo pra fora  
    Tamen d'ó buraco  
O probiño d'ó rato terceiro  
    Atrápamo un gato  
E pensando n'ó conto qu' os vellos  
    Oyeu n'ó buraco,  
«mala morte me mate, decía,  
    Por burro é por parbo,  
Que razon aquel rato che tiña  
    D'os homes falando  
O decir que non teñen nin pinga

De miolo n'ó cacho  
Porque cando ó que falan prautican  
Todo say furado.....  
¡Si é verdade á custión proteutora  
Qu' acaben e-os gatos!!....

## REALISMO.

---

Verraron Pedro é Grabiél  
N'a taberna certo dia  
E n'ó calor d'a profia,  
Chamou cornudo este á aquel.

Contaba Pedro pr'as proebas  
C-os mozos de Penas-altas  
E propon xuicio de faltas,  
Que din qu'a ley non ten crebas.

Y ó vir d'a Secretaria  
De firma-l-as papeletas  
Xá aumentâra en tres pesetas  
A coita qu' ali o traia.

Cheg' o outro dia ó porteiro

Xunt' él con todos citados  
Levou dous pesos rodados  
E acaboulle c-o carneiro;

Y os testigos que perdian  
O xornal por declarar  
Viñéronno á atormentar  
E xá por diante ó pedian.

Queimado ó ver tales cobras  
Dí Pedro berrando as altas:  
«Non quero xuicio de faltas  
Porqué m' abafan as sobras...»

---

## BÓ CONSELLO,

---

N'o mundo van noite é dia  
Sin repousar un momento  
Dios tra-l-o bó casamento  
Y ó demo en contra, á profia.

Cada cal, segun se vê,  
Ten xá partido formado,  
Vay con Dios ó ben casado  
Vay c'o demo ó que no é.

Si con Dios un s' encamiña  
Ou c'os de Dios s' aconsella  
Ven ó demo é escarabella  
Hastr' atoparlle á trampiña.

D' aquí ó constante loitar

Que fay de moitos casados  
Viventes mal aforcados  
Qu' estan n' o mundo á penar.

Oide pois un consello  
Os que casarvos queirades  
Saldredes ben si ó tomades  
Qu' eu sombos páxaro vello.

Pra qu' o demo de casado  
Non veña á un home tentar  
Debera... non se casar  
É queda ó demo bulrado.

Mais pra que nunca se chame  
A Dios mal casamenteiro...  
Fará... por quedar solteiro  
Qu' o boy solto ben se lame.

E por punto é conclusion  
Para tranquilo atoparse  
O mellor é non casarse  
Bastou de conversacion.

---

## EPÍSTOLA.

---

«VIDE PARA Ó SAN MANOEL.»

---

Ó MEU AMIGO Ó PÁRROCO  
DON MANOEL FANDIÑO É MARTINEZ.

---

N'esta casa Don Manoel  
Si non estou trascordado  
Sempr' estades convidado  
Pras foliadas que se fan.  
E non vos é perdónado  
Qu' á do meu santo faltedes  
Non tendo como non tedes  
Nin San Manoel os de Aldan,

Vide pois señor Abade  
É vide con bo apetito,  
¡Caranio! que teño dito...  
Vide para ó San Manoel.  
Qu' eu nunca choro á garnacha  
Nin por galiñas m' emporco.  
Tamen s' hay porco... habrá porco,  
Si no hay... pasará sin él.

A SRTA. DOÑA HERMITAS NOVOA E PUGA.

---

SONETO.

---

Hermitiñas: non queiras home honrado,  
E fay d'os mais tamen por desviarte;  
O pequeno filliña, ha de bourarte,  
O alto, anda de cote encabuxado,  
O de'core morena é solapado  
O roxo ó seu amor e' outras comparte  
O coxo, torto ou mudo, has de lembrarte  
Que por bó x'o señor o ten marcado.  
Arrotadas ten ó home habilidoso  
O parbo ten á sona de burrico.  
Fuxe d'o qu' é infelis, salche tramposo  
Non te fies d'o pobre. Puf... ¿y ó rico?...  
Non fies de ningun, qu'ó mais xeitoso  
D'os homes erach' eu, é mais dey mico,

## N'A ETERNIDA.

---

Vay á alta noite. N'o veleiro bote  
Durmind' alegre á xente tod' esta.  
Orsa patron, apreta escota, corre  
Qu' a lus d'a aldea brila ó lonxe xá.

De pronto ruxe ó vento,  
Y ó barco s' estremece,  
Un lóstrego que cega  
Vais' enterrar n'o mar.  
Reventa ó rouco trono,  
O mar d' ira enlouquece,  
E cand'o barco chega  
As taboas fay zoar.

¡A noite é negro inferno!  
A tempestá é mais ela

Van á parti-l-as vidas;  
Por eso xuntas san...  
De súpeto abre o barco  
Nada en xirons á vela  
Y ó fondo sumerxidas  
Seis vidas á unha van.

.....

.....

Un monxe que rezaba ó pé d'a praya  
Vend' os restos d'o barco relumbrar.....  
¡¡Aquí á crus, nada mais, vagoas é loitos  
A ventura está ali..... n'a eternidá.....!!

---

## DELORA

—1925—

Cand' era rapaciño é m' amostraban  
Un probe e'un foliño  
C-o as vagoas' n'os olliños ó mirálo  
Pensaba «coitadiño.»  
Cand' á porta vin logo que pedían  
Un pouco de caldiño,  
Afixenm'a decirlle coma todos  
«Dio-l-o ampare hirmanciño.»  
Cando cheguey á mozo, vin os probes  
Xá sin ningún cariño,  
E por ben parecer diante d'as xentes  
Lles dey algun cartiño.  
Hoxe qu'ó mundo rí d'os meus delores,  
Y algun hay ben fondiño,  
Vexo un probe de lexos é pereuro  
Marchar pr' outro camiño.

.....  
¡Coide ó mundo por esto, si é que quere  
Facer mútuo ó cariño,  
De deixar ser ó home en sentimentos  
De cote rapaciño!

## RAREZAS

—(1885)—

Odio ó viño d'o Riveiro  
Porque tod' o tran gardado  
N'un coiró moy revirado  
De castron, cabra ou carneiro.  
Esto dixo á un taberneiro  
Pepa de Bras certo dia,  
Y el con sacarroneiria  
Dixo—Veráse abadexo...  
Que cousas ela veria  
Que non tiveran pelexo...

— — —  
A cuñada de Xuncal  
E pro home unha birbona  
Qu' anda sempr' á cucamoua  
C-un mozo n'o canabal.

¿Pra que falas d' ela mal?  
Dinll' o cuñado n'a cara,  
¿E si ó hirman teu ch'o notara?  
Y el reprica con aquela,  
Eu falo mal d'a honra d' ela  
D'a honra d' el ;Dios me librara!

Véndose n'a confesion  
Tomás moy acurruádo  
Porque send' home casado  
Pr' a muller fora un birbon,  
Dixo: — N'a última ocasion  
Só por unhas chapicadas  
Privánonme d'as casadas  
E como á parienta ó é,  
Por eso funm' á boa fé  
Tra-l-as solteiras honradas

Porque é Xues Xan de Cotelo  
Todos s' escachan de velo:  
Hay Xues que pra respetalo  
Ten, ou que nacer pra selo,  
Ou pra que naza enterralo.

Goriño ó de Recemel  
Tiv' un preito cor Sabela.  
¿E como saliron d'el?  
Saleu el por riba d' ela.

O remendou Xan d' Hermida  
Dixo noutronte á un letrado  
«Señor, non topo calzado,  
Está á facultá perdida.»

---

Porque lle chamaron fea  
Rosa c'uns mozos verrou  
E decia incomodada  
«Eu sou como Dios me dou.»  
Mais ó tempo que pasaba  
Contestou Pedro moy teso  
«Dios tau fea non te daba  
Por qu' él non se para n' eso.»

---

Anton, por broma, os amigos  
Un peso pide ó fiado  
Mais n'a vida ll'o devolve  
Porque nunca ó tén cambado.  
Non vos fiédes d' Anton  
Nin partades c'o él mais peras  
Pois toma ó peso por chiste  
Pra quedarse c'o él de veras.

---

## Ó ACORDO Y Ó TRAS-ACORDO.

---

Estebo: Ou é preciso un escramento  
Contigo xá facer  
Ou precuras dend' hoxe levar tento  
C'o xénio y á muller.  
Ti ben sabes, porqu' eres home listo  
Qu' a Igrexa á esposa é de Jesucristo  
E qu' este matrimonio ben levado  
Manda Dios imitar ó bó casado.  
Eu, pois, qu' á Jesucristo represento,  
Conxúroch' á qu' evite-l-o escramento.

### Ó ACORDO.

Perdone señor cura  
¡Ay como sinto á yalma arrepenida!...  
¿Y eu verrey c'o á muller?... ¡Ay que loucura!  
Xá no volvo á facer n'a miña vida.

Ó TRAS-ACORDO.

O abade moito fala  
Si él é Cristo, é c'ó á Igrexa ben se leva,  
E porqu' esa muller nunca da creba  
E ademais cand' el verra á Igrexa cala.

Bastou de paroliña  
Si á Cristo ó señor cura representa  
Que governe él alá á sua parenta  
Qu' eu sabrey gobernar tamen á miña.

---

## A ANDRÉS MURVAIS.

*Descubre uno el corazon que buscaba  
la víspera del día en que dejará de  
latir.....*

**Chateaubriand.**

¡Hastra aquí; á este desterro,  
Rico soyo en fraqueza é humano erro  
A nova veu parar d'a morte súa...!  
¡Prob' Andrés!... ¿Quen murchou á vida tua?  
Eu e'ó á noticia ausorto  
Soyo souben sufrir dor tan siñestro,  
Quitá-l-a gorra por respeto ó morto,  
E rezar po-l-o amigo un padre nuestro.  
Qu' esto é canto nos queda  
O camiñar po-l-a inmortal vereda  
Dispois de tantas tristes catíveces,  
D'o enemigo ó perdon, d'o amigo as preces.

.....  
Qu' é á vida un meteoro lixeiro,

Copo informe d' espuma;  
Grobo d' augua á xabron que gasalleiro  
Sobe ingrívido ó espazo como pruma,  
Hastra qu' o sutil vento  
En pinga d' augua ó baixa n' un momento.  
«Todo» á síntesis é d' a «Nada» pura,  
E d' o cosmo inmortal, d' o ñoto invento  
O verze é á nave ó porto á sepultura.

.....

Apóstoles de Suevia; un compañeiro  
Perdemos de valia;  
Tezámosl' unha croa de loureiro,  
Qu' hoxe veste de loito á poesía  
Y as musas levan lazos c' o seu nome  
Prendidos po-l-as fillas d' Eurimome.  
El era aquel amigo verdádeiro  
Qu' entr' elas y á amistá se repartia;  
El quen' dispuxo un día  
A un mártir d' afeucions esta receta  
«Ninguen sinte ó que di, todo é falsia,  
¿Queres amigo fiel?—Buscao poeta.»  
El puxo en fin, en versos á elocuencia  
E como dixo un sábio xustamente,  
O mais grande talento, á mayor cencia,  
Consiste en ser así grandilocuente.

¡Durme en pas!!... Diante todos esperando  
N' as amplitús d' o ceu

Pouco á pouco nos hemos d' ir xuntando  
D'os sigros á espera-l-o xubileo.  
Fuxiches deud'o polvo d'os mortales,  
Si aínda ó polvo é d' eles,  
A rexion verdadeira d'os igoales....  
Pelegrin cansadiño,  
Namentras n'os xuntamos n'o camiño,  
Aceta d'un amigo, entre os máis fieles,  
A sempreviva escura  
Cab' as croas que tés n'a sepultura.....  
.....  
.....

Cangas 26 Octubre de 1882.

---

## RIMAS.

---

Vida, enojo y amor, gloria é riqueza...  
¿Qué son? A inmensidad pura é increada.  
¿Qué sinon, cando ó sol y ó mundo todo  
Pendurado por Dios xira n'a nada?

---

A noite que saliu d'a pátria miña  
N'a ventan che deixey posta unha fror  
E dispois de dar bicos as paredes  
Marchey vertendo vagoas de delor.

O tempo marchitou ó teu cariño  
A fror tamen morreu  
Mais gardarán as pedras mentras vivan  
Os bicos d'o amor meu.

---

D'o castaño d'as citas n'o cortizo  
Unha crus c'o à naballa ch' imprimin  
Recordabam' à lña ó teu feitizo,  
A fonte à ves primeira que te vin.

Non volve mais ó tempo ali perdido,  
A fé morreu en ti;  
Todo muller xá s' enterrou n'o olvido  
A crus inda está ali.

-----  
Sentadiño enda min c'o pau xogabas  
Falándome d' amor,  
Non me pidas que xure, me decias,  
Por que non creo en Dios.

Un ñudo d'a madeira lastimouche  
Y ó pau enton ó ver  
Dixeches..... ¡Soy Dios fay estes ñudos.....  
Dend' hoxe creo n'el!

-----  
Xá à tarde entre vapores decrinara,  
Y os ecos d'a campan ó avemaria  
Morreran sobr' o mar;  
Xá as estrelas n'o ceu Dios engarzara  
E d'a noite à tenás malenconia  
Me viña à atormentar.

Cand' escoitey d'un querubin ó canto  
Mais qu' ó d'o ruxinol soave é tenriño,

En fin, canto d'ó ceu;  
Canto qu' á yalma embarga tanto, tanto.....  
Qu' ainda teño ó seu eco dormidiño  
Sobr' ó corazón meu.

¡Era rubia, xentil é castellana!....  
N'ó mundo á sedutora vos aquela,  
Non oirey mais eu;  
Mais si canta no ceu á vos humana  
Xuro cand' ela cante, conocela,  
Diante de Dios n'ó céu.

---

O caer d'a tarde—xunt' un cruceiro  
Gallarda nena—chorando vin;  
Aqui, decia,—nos separamos  
E nos, xuramos—amor sin fin.

Sol que camiñas—á aqueles mundos  
¡Ay! si ó toparas—pensando en min,  
Di que me viches—por el rezando  
Que cen suspiros—para él che din.

Mais si con outra—meu Dio-l-o viras...  
Non-ó maldigas—dille ¡ay de min!  
Que n'ó cruceiro—d'a despedida  
Desamparada—d' amor morrin.

---

## CANTARES D'A ALDEA.

---

Teño piollos n'a cabeza  
Pulgas por dentro d'o corpo  
Como teño tanto gando  
Hanche de caé-l-os ollos.

O crego cando vay fora  
Deixalle dito' á criada  
Moza si non veño logo  
Non te me durmas n'a cama.

Non te cases con ferreiro  
Que te queiman as muxicas  
Casate c'un cortador  
Comerás caldo de tripas.

Cand'ó erego ou á criada  
Teñen n'a casa un meniño  
Sole ó erego darlle as papas  
Y á criada lere n'o libro.

Si te volvo á ver Rosiña  
Dinoite xunt' ó cruceiro  
Ou has de velar conmigo  
Ou durmir c'o compañeiro.

Eu heime casar c'un vello  
Por ño me quedar solteira  
Anque pr'o subir á casa  
Faga falta unha escaleira.

Cartas idas, cartas vidas  
Asi contento n'estou  
Estario si falara  
C'o á moza que m'as mandou.

Pra qu' un ferreiro c'o as pulgas  
Consiga d' adormecer  
Colla ó cobertor ó lombo  
E bótese c'o el á arder.

Eu caseime c'un velliño  
Por dicir que tiñ' un home  
Ay desdichada de min  
Siquera m' a cama sobe.

Si ó crego vay n'o muiño  
É ley' un fol é tray outro  
¿Qué ten que ver e'ó à criada  
Nin si éla pareu hay pouco?

Para que ch'e meu casey  
Eu solteira ben estaba  
Andaban todos tras min  
Y agora ninguem me fala.

Esta noite' è mai-l-a outra  
É mai-l-a que xá pasou  
Miña pereiriña noba  
Quen ch'as periñas roubou.

Heime de casar c'un vello  
Si é que m' aceta ó partido,  
Pero ou ten que morrer logo  
Ou sinon enterroo vivo.

Hey cantar por che dar gusto  
Vida do meu corazon  
Hey cantar por che dar gusto  
Que por outra cousa non.

Teñ' un piñeiro moy alto  
Que moy lindas piñas ten  
D' abaixo non se lle chega  
Y arriba non vay ninguem.

Funch' esta noite ó moiño  
Nunca ch' eu ali chegára  
Doum' un abrazo unha moza  
Y eu fuxin por mor d'a fada.

Cego toma unha limosna  
Mais ¿pra qué colle-l-a man?  
¡Perdone miña señora  
Coidey que tod' era pan!

O crego é mai-l-a criada  
Ordenaron de cocer  
Tiñan ó formento feito  
Y á fariña por moer.

Teño catarro nos ollos  
Mal d' amores nas orellas  
Cando te vexo miniña.  
Brincam'a sangue nas veas.

Irey contigo ó moiño  
Farey ó que ti me mandes  
Pero contigo non quedo  
Pepa Rosa, non te canses.

Xastre queroch' un recado  
É non é sobr' a costura  
Que ch'e quero preguntar  
Si ó mal d' amores ten cura.

Tod' a moza qu' é xanota  
Vest' ó seio moito rizo  
É tray saya sobre saya  
Pra face-l-o cù postizo.

Teño barco, teño redes  
Teño sardiñas no mar  
Teño unha moza bonita  
Xa non quero traballar.

Á muller pegoull' ó home  
C' unhas cestas d' un sarillo  
Xa que pode, está ben feito  
Que castigue ó seu marido.

A perdis por antr' os toxos  
De toda-l-as herbas come  
Ó cariño d' unha moza  
Mantén tres dias á un home.

Ó mal d' amor non ten cura  
É todos me din qu' á ten.....  
¿Tomar outra moza nova?  
N'a quero, pero hey n'a ter.

Miña nay ten unto vello  
D'o porco qu' ha de matar  
Mandou que lle déra berzas  
Y aínda están por sementar.

Dicenne qu' estou gordiña  
Que non me fay xá ó refaixo,  
Almas que vos condenades  
Que trayo' outros dous por baixo.

Vaya, alabado sea Dios  
Que xá ven á barateza  
Vanch' os homes á real  
Catro por unha peseta.

Dixom' un frade d' Hermelo  
Un dia desd' a ventana  
Rapaza, sé miña amiga  
Que non has de perder nada.

Para deprender á xastre  
Moito che m' hey d' apricar  
Pra tomar logo as medidas,  
Canto abrazo ch' hey de dar.

Eu caseime é cantiveime  
Levey á vida apenada  
De solteira, roupa vella  
De casada, remendada.

O difunto vay n'a Igrexa  
A muller queda apenada  
Vamos bebendo é comendo  
Con chorar no se fay nada.

Caseime c' unha señora  
Coidando que tiña don  
Tiña piollos d'a libra  
E pulgas d'a cuarteiron.

Cando meu pay se casou  
C'-o á muller qu' aind' hoxe ten,  
Era n'ó tempo d'as uvas  
Inda lle m' acorda ben.

Teñ' unha moza arrombada  
Ay meu pay, que lle farey,  
Mira filliño, arromb' outra  
Que e-o esa eu che correrey.

N'a miña vida tal viu  
Un home tan apenado,  
Si te deixou esa moza  
Parbo, busca vintacatro.

Teñ' unha moza arrombada  
Tamen teñ' outra parida  
E quedam' outra n'a cama  
Que xente aproveitadiña.

A moza que say bonita  
Bastantes traballos ten  
N' hay cousa coma ser fea  
Non dar traballo á ninguen.

Moza bonita n'ó mando  
Non che debera nacer  
Fay com' á pera madura  
Todo Dio-l-a quer comer.

O piollo é mai-l-a pulga  
Vanche n'ó mont' a cazar  
Y un carrapato pequeno  
Leva apurado ó xantar.

O ferreiro ten á frebe.  
A muller ó sarampon  
O fillo ten as vixigas  
Mira que comparacion.

Olvidar moza solteira  
Por tomar muller casada  
Tanto é dar palla por gran  
Como é trocar gran por palla.

O corazon d' unha pulga  
Si ch'ó soubera guisar  
Daba almorzo para catro,  
Merenda, ceia é xantar.

Héime casar n' este ano  
Porque teño moito empeño  
Anque sepa de vender  
Catro galiñas que teño.

Amainád' ondas d'ó mar  
Que quero coller un peixe  
Qu' é xusto qu' él deixe ó mundo  
Antes qu' o mundo á él ó deixe.

Ay viudiña, dame creto  
Que ninguen ch'ó há de saber  
Que n'a viña vendimada  
Ninguen pode ir á escoller.

Deprendénom' á cantar  
As miniñas de Rianxo  
Deprendénom' á cantar  
Indo po-l-o mar abaixo.

N'a miña vida tal vin  
N'a feira de Monterroso  
Coarenta é nove estudantes  
A cabalo d'un raposo.

Indo po-l-o mar abaixo  
Picoum' un peixe n'un pé  
Si m'ó picou qu'ó picase,  
Si m'ó picou, fixo ben.

Teñ' un castaño moy alto  
N'ó tronco ten mil enredos  
Tampouco os anamorados  
Poden te-l-os ollos quedos.

Moito miras para min  
Moito me chisea-l-os ollós  
Teño moito que facere  
Non pod' atender á todo.

As artes d'ó namorar  
Inda n'ó n'as saben todos  
Vai-vos no topar e'os pés  
E mais n'ó chiscar d'os ollos.

Esta noit' hey d' ir alá  
Terasm'ó postigo aberto  
Ay si cho' atopo cerrado  
Vay haber n'a aldéa ó demo.

Teño gana de beber  
Manoel traim' á calabaza  
Sonche d' esta condicion  
Bebendo logo me pasa.

Miña sogra cando verra  
Ponse n'ó medio d'a casa  
Dicindo «Vaite pra fora»  
Y eu digo «Tenche boa traza.»

Unha vella fixo as papas  
Botoullas ó pote fora  
Hay un ano que foy esto  
Y aínda hoxe á vella chora.

Quen me dera... quen me dera...  
Que non me custara nada,  
Ter unha nena bonita  
Para me arregla-l-a cama.

Heime de casar aquí  
Qu' é terra de moito pan  
C'ó as silvas d'a miña sogra  
Xá teño lume pro vran.

Eu bonita non che son  
E fea non che son nada  
mais pra ti non me criou  
Miña nay, cara lavada.

---

# T R A T A D O

sobre el modo de escribir y hablar con  
propiedad el dialecto gallego.

---

Pocas diferencias hay entre la pronunciacion del gallego y el castellano, por mas que algunos en su afecion à los estudios neològicos afirman lo contrario.

La *e* y la *o* se pronuncian mas cerradas en gallego que en castellano, por regla general: La *c*, la *b* y la *j*, suelen pronunciarse las dos primeras como *u*, en algunos casos, y la última como en francés, ó como *x*, fuerte: así *acto*, *efecto*, *obstáculo* y *abstracto*, suelen pronunciarse *auto*, *efeuto*, *oustáculo*, *austrauto*; y *objeto*, como *ouxeto*. La *j* hoy no se usa.

La *d* final en los nombres propios debe suprimirse; así *Madrid*, *Universidad*, *ciudad*, etc. deben pronunciarse y escribirse *Madri*, *Univer-*

*sídá, cibdá, etc.*; pero en los demás casos, siempre que el uso no se oponga, debe aumentársele una *é*; así bondad, usted, salud, se pronunciarán *bondade, vostede, salute, etc.*

Réstanos decir que si bien algunos escritores gallegos escriben la *x* como *j* para mandar pronunciarla como en francés, en nuestro concepto no debe hacerse, porque el gallego es un idioma propio, y el primer lenguaje románico que nació en la península, llegando á hablarse en toda ella; por cuya razon en nada se relaciona con el francés, ni con otro idioma en que no se escriba dél mismo modo que se habla.

### Del género en los nombres.

---

En gallego cambian de género infinitud de palabras designándose indistintamente con la partícula *ó*, así el femenino como el masculino.

#### EJEMPLOS.

---

|                    |                  |
|--------------------|------------------|
| La lumbre. . . . . | <i>O lume.</i>   |
| La sal. . . . .    | <i>O sal.</i>    |
| El potaje. . . . . | <i>O potaxe.</i> |
| El coraje. . . . . | <i>O coraxe.</i> |

|                     |                   |
|---------------------|-------------------|
| El caracol. . . . . | <i>O caracol.</i> |
| El calor. . . . .   | <i>O calor.</i>   |
| La leche. . . . .   | <i>O leite.</i>   |
| El pez. . . . .     | <i>O peixe.</i>   |
| La miel. . . . .    | <i>O mel.</i>     |
| La hiel. . . . .    | <i>O fêl.</i>     |

Y muchas otras.

Tambien hay costumbre de designar con la particula *á* muchas palabras de género masculino puro.

### EJEMPLOS.

|                       |                     |
|-----------------------|---------------------|
| El paisanaje. . . . . | <i>A paisanaxe.</i> |
| El mimbre . . . . .   | <i>A mimbia.</i>    |
| El mediodia. . . . .  | <i>A medio-dia.</i> |

Y otros, así masculinos como femeninos indistintivamente.

### Aumentativos, diminutivos y superlativos.

El gallego casi no conoce, sinó por imitacion del castellano, las terminaciones en *azo* y por tanto es poco flexible en la formacion de los aumentativos.

En cambio es muy flexible y tiene carácter propio en la formacion de los diminutivos, que

por lo general concluyen en *iña* ó *iño*, como *camión*, *solión*, *sombreirión*, *zoquiño*, *rosiña*, *ceiguiña*, *pedriña*, etc.

Los superlativos en *ísimo* no se usan en gallego, pero se hallan sustituidos con el adverbio *moy* (muy); así, pues, para decir fortísimo, grandísimo, basta decir, *moy forte*, *moy grande*.

### Pronombres gallegos.

Los pronombres *yó*, *tú*, *ese*, *este*, *el*, *aquel*, *mío*, *tuyo*, *suyo*, *que*, *quien*, *cual*, *cuyo*, *uno*, *alguien*, *nadie*, se pronuncian *eu*, *tí*, *él*, *este*, *ese*, *aquel*, *meu*, *teu*, *seu*, *que*, *quen*, *cal*, *cuyo*, *un*, *alguén*, *é ninguén*.

Suele decirse en gallego *él é eu*, *eu é él*, pero por analogía del castellano y á evitar el adverbio *mais* se dice *él y eu*, *eu y él*.

La sílaba *vos* es muy corriente en gallego y sustituye, así sola, como unida á otras, al *os* castellano: así, pues, para decir *os* digo, *os* llevé, etc., se dirá: *dixenvos*, *levéivos*, *dixémosvos*, *levámosvos*, etc.

Empléanse también la sílaba *vos* para decir vosotros, y la *nos* para decir nosotros, así en el

género masculino como en el femenino, de suerte que el radical suprime la terminacion.

Para decir no hay, no estaba, no fué el, no sé, se aumenta la sílaba *che*, que significa *te*, sola ó combinada, y se dirá: *non che hay, non che estaba, non che foy el, non che sey, etc.*

Las palabras este, ese y aquel, son iguales en gallego que en castellano, pero si cambian á plural, debe decirse *estes, eses, aqueles*, en vez de estos, esos y aquellos.

El gallego, á diferencia del castellano, no tiene el plural *quienes* sino el singular *quien* para todos los casos.

Es muy corriente la costumbre de decir *é mais decias que viñera, é mais é certo que estuvo* en vez de decir y decias que viniera y es cierto que estuvo.

A los pronombres castellanos *te* y *le* corresponden los gallegos *che* y *lle*; al *lo* corresponde el *ó*; al *la*, *a*; al *les*, *lles*; al *los*, *os*; al *al*, *áo*, *ú*, *ô*; y al *las*, *as*.

### Del Adverbio.

Las expresiones *creo*, *parece*, sin duda y otras análogas, se hallan substituidas ventajosamente en gallego por el adverbio *scique*.

Para precisar mejor las afirmaciones se usa tambien en gallego el adverbio *mesmo*, asi para decir, iba á llorar, gritaba como si fuera á morir, se dice, *mesmo iba á chorar, mesmo berraba como si fora á morrer.*

### Verbos.

En gallego se usan muy poco los tiempos compuestos, ó mejor dicho no existen propiamente; asi, pues, para decir he hecho, lie cogido, he colgado, se dice *fixen, collin, colguey, etcétera.*

Las combinaciones, tu habias marchado, yo habia jugado, no existen en gallego. como tampoco, ya habia marchado, ya habia comido, las cuales se simplifican de este modo: *ti marcharas, eu xogara, xá marchára, xá comera.*

En la primera y segunda persona de plural del presente de subjuntivo de los verbos irregulares, es casi inalterable la variacion del castellano al gallego, como puede advertirse en los ejemplos siguientes:

| <u>CASTELLANO.</u> | <u>GALLEGO.</u> |
|--------------------|-----------------|
| Esté . . . . .     | <i>Estéa.</i>   |
| Estés. . . . .     | <i>Estéas.</i>  |

| <u>CASTELLANO.</u> | <u>GALLEGO.</u>   |
|--------------------|-------------------|
| Estemos. . . . .   | <i>Esteámos.</i>  |
| Esteis. . . . .    | <i>Esteádes.</i>  |
| Estén. . . . .     | <i>Estéan.</i>    |
| Dé. . . . .        | <i>Déa.</i>       |
| Des. . . . .       | <i>Déas.</i>      |
| Demos. . . . .     | <i>Deámos.</i>    |
| Deis. . . . .      | <i>Deádes.</i>    |
| Den. . . . .       | <i>Déan.</i>      |
| Querais. . . . .   | <i>Queirádes.</i> |
| Perdais. . . . .   | <i>Perdádes.</i>  |
| Podais. . . . .    | <i>Podádes.</i>   |
| Murais. . . . .    | <i>Morrádes.</i>  |
| Vertais. . . . .   | <i>Vertádes.</i>  |

En los verbos castellanos terminados en *ducir*, la terminacion gallega varia de dos modos, uno de ellos en *chès*, por ejemplo:

|                      |                      |
|----------------------|----------------------|
| Redujo. . . . .      | <i>Reduxo.</i>       |
| Redugiste. . . . .   | <i>Reduxèches.</i>   |
| Redugimos. . . . .   | <i>Reduxemos.</i>    |
| Redugisteis. . . . . | <i>Reduxèchedes.</i> |
| Redugèra. . . . .    | <i>Reduxèra.</i>     |
| Tradujo. . . . .     | <i>Traduxo.</i>      |
| Condujèra. . . . .   | <i>Conduzèra.</i>    |
| Deduje. . . . .      | <i>Deduxera.</i>     |

### Ortografía gallega.

---

Por regla general se emplean y deben emplearse en la escritura gallega las mismas palabras y signos ortográficos del castellano, en todo lo que no sea propio y característico del dialecto, como el apóstrofe ó sincopa, de que tambien vamos á ocuparnos.

Casi todos los escritores gallegos incurren en el error de confundir el uso de la *i* latina con el de la *y* griega al final de las palabras, cuando solo debe emplearse la primera siempre que cargue acento sobre ella, y en los demás casos la última. El mismo Saco y Arce escribía *foi* en vez de *foy*, *vai* en vez de *vay*, *cai* en vez de *cay*, *lei* en vez de *ley*, *hai* en vez de *hay*, etc.

En el uso del verbo haber son tambien infinitas las faltas que se cometen suprimiendo no sabemos con que fundamento la *h* al principio de la palabra, vr. gr. *ei d'ir* en vez de *hey d'ir*, *oubo* en vez de *houbo*, *axa* en vez de *haxa*, etc.

Tambien se cometen algunas en el uso del verbo *hallar*, aunque son menos frecuentes, vr. gr. *achey* en vez de *hachey*, *acharia* en vez de *hacharia*, etc.

### Del apóstrofe ó sincopa

---

El apóstrofe ó coma en lugar de la última vocal de una palabra, se usa mucho en la escritura gallega, á semejanza de la italiana.

En esta última se sincopan los artículos *lo* y sus plurales, lo cual no sucede en gallego porque no se usan.

Así en italiano como en gallego no hay regla fija para el uso del apóstrofe, sino que se está á la buena armonía de la pronunciación, privando de aspereza á las palabras.

Como regla general, y con las salvedades antedichas, podemos designar todos los casos en que una palabra acaba con vocal, y la siguiente comienza también con ella, siempre que no se interpongan las partículas *á, é, ó,* con acento, ó la última sílaba lo tenga; así, pues, *meu amigo,* no puede sincoparse.

Otro tanto sucede con los nombres y los verbos, las palabras finales de la oración, aquellas donde habrá de ponerse coma, punto y coma, dos puntos, interrogación, ó admiración; ni los nombres sustantivos, así masculinos, como femeninos, de singular ó plural, los cuales no deben sincoparse. Lo mismo tiene lugar en italiano en cuyo idioma no se escribe

padr' amato, figl' ingrato, sorell' amorosa,  
sinó *padre amato, figli ingrati, sorella amorosa.*

No terminaremos este trabajo sin hacer presente nuestro sentimiento porque la poesía gallega, aun por culpa de los mismos organizadores de los certámenes literarios gallegos, sea solo requerida en estas justas para cantar una tradicion, un tipo ó una costumbre del país; siendo así que se presta á desarrollar en todos los géneros poéticos sus condiciones de ritmo y de belleza, aun mejor que el castellano. Tal proceder, léjos de realzar nuestra literatura, la hace caer en un realismo ridiculo con los estraños.

Tambien deploramos que nuestros vates contraigan el decidido empeño de escribir (aun cuando no se trate de asuntos vulgares) en vez del gallego culto ó perfeccionado de las grandes poblaciones, el rudo y mal escogido que emplean nuestros aldeanos, creyendo ser mas exactos al descender á lo tosco, que al usar el estilo escogido del gallego bien hablado.

Estos resábios irán desapareciendo sin duda alguna, á medida que vayan presentándose modelos de literatura gallega, tan necesarios para constituir una verdadera poesía clásica.

EL AUTOR.

# INDICE.


## Páginas.

|                                     |    |
|-------------------------------------|----|
| Prólogo. . . . .                    | 4  |
| Introducion. . . . .                | 6  |
| Oda á S. M. el Rey. . . . .         | 12 |
| A romería. (Laureada). . . . .      | 17 |
| Rodrigo Gomez. (Laureada). . . . .  | 26 |
| Soedade. (Laureada). . . . .        | 37 |
| A volta d'ó soldado. . . . .        | 39 |
| Os fillastros. . . . .              | 61 |
| A vinganza xusta. . . . .           | 62 |
| Os escravos. . . . .                | 69 |
| A union ibérica. . . . .            | 74 |
| A lúa de Cangas. . . . .            | 78 |
| Os que quedan y os que van. . . . . | 82 |
| Un conto de ratos. . . . .          | 85 |
| Realismo. . . . .                   | 90 |
| Bó consello. . . . .                | 92 |
| Vide para ó Sañ Manoel . . . . .    | 94 |

Páginas.

|                                             |     |
|---------------------------------------------|-----|
| Soneto . . . . .                            | 95  |
| N'a eternidá . . . . .                      | 96  |
| Delora . . . . .                            | 98  |
| Rarezas . . . . .                           | 99  |
| O acorde y ó tras-acordo . . . . .          | 102 |
| A Andrés Muruais . . . . .                  | 104 |
| Rimas . . . . .                             | 107 |
| Cantares d'a aldea . . . . .                | 110 |
| Tratado sobre el lenguaje gallego . . . . . | 121 |

— — — — —



REAL  
GA  
A C

23

Bib

ACAD  
ALEGA  
CORU

34  
bliote